MEMORIA

Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (Incide)

INDICE DE CONTIDOS

1. Preámbulo	
2. Introducción	
3. Información Xeral	
3.1. Nome e acrónimo do Instituto de Investigación	
3.2. Definición do INCIDE	
3.3. Normativa e regulamento aplicable	
3.4. Finalidade	
3.5. Clase de Instituto	
3.6. Funcións do Instituto	
4. Organización do INCIDE	
4.1. Creación do INCIDE	
4.2. Modificación e supresión	
4.3. Goberno do INCIDE	
4.4. Organización da Gobernza	
4.5. Seguemento e avaliación	
4.6. Membros do INCIDE	
4.7. Persoas investigadoras garantes do INCIDE	
4.8. Persoas investigadoras promotoras do INCIDE	
4.9. Vinculación e desvinculación dos investigadores do INCIDE	
5. Plan Estratéxico	
5.1. Misión e Visión	
5.2. Caracterización do sector	
5.3. Eixos e Obxectivos Estratéxicos	
5.4. Valores do INCIDE	
5.5. Diagnóstico do contexto. Analisis DAFO	
5.6. Modelo de Gobernanza	
5.7. Liñas de Investigación	
5.8. Plan de Acción	
6. Xestión do Plan Estratéxico	
6.1. Cronograma	
6.2. Indicadores	
7. Plan de Viabilidade	

7.1. Captación de recursos	
7.2. Persoal do INCIDE	
7.3. Producción Científica	
8. Plan de Igualdade	
9. Anexos	
9.1. Anexo 1. Currículos abreviados dos Investigadores Garantes	
9.2. Anexo 2. Currículos abreviados dos Investigadores Promotores	

1. PREÁMBULO

O presente documento recolle a memoria completa e o plan estratéxico para **a proposta de creación do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte (INCIDE**) na Universidade de Vigo, cuxa finalidade é maximizar o potencial de xeración de investigación de excelencia nas áreas de deporte e actividade física, así como intensificar a súa transferencia á sociedade.

O documento axústase a todos os requisitos de creación esixidos pola norma estatal, autonómica e os especificados no regulamento para a creación e xestión de institutos de investigación na Universidade de Vigo (UVigo).

Este plan integra toda a documentación requirida para a creación do INCIDE, polo que, co obxectivo de facilitar a comprobación da mesma, especifícase a continuación cada un dos apartados onde se inclúen:

ASPECTO	APARTADO
Proposta de investigadoras e investigadores promotores cun mínimo de 12 doutores con vinculación permanente á UVigo. O cociente entre o número de sexenios totais dos investigadores/as promotores e o número destes será superior a 2	4.7. Persoas investigadoras garantes do INCIDE. 4.8. Persoas investigadoras promotoras do INCIDE
A proposta de investigadoras e investigadores garantes: entre os investigadores e investigadoras promotores deberá haber un número mínimo de dous investigadores/ras garantes, os cales deberán contar coas características descritas no artigo 7 da normativa da UVigo á que se fai referencia anteriormente e que serán os que acreditarán a suficiencia científico-técnica para desenvolver os obxectivos científicos propostos	4.7. Persoas investigadoras garantes do INCIDE.
Xustificación do interese de creación.	2. Introducción. Antecedentes e xustificación do Instituto de Investigación en Ciencias dp Deporte (INCIDE)
Plan estratéxico onde se indicarán os obxectivos principais e a adecuación ás estratexias que a Universidade de Vigo ten definidas para os seus campus.	Documento completo
Plan cuatrienal de investigación coas liñas de investigación, proxectos estratéxicos, obxectivos de financiamento e estratexia de internacionalización.	5. Plan Estratéxico 6. Xestión do Plan Estratéxico 7. Plan de Viabilidade
Plan de transferencia onde se detallen as principais vías de transferencia do coñecemento adquirido á sociedade.	5.8. Plan de Acción

Estrutura de goberno.	4.4. Modelo de Gobernanza
Proceso de vinculación e desvinculación formal de investigadores/as	4.9. Vinculación e desvinculación dos investigadores do INCIDE
Plan de captación de talento para acadar a a incorporación e a formación de novo talento investigador	5.8. Plan de Acción
Currículum normalizado resumido das persoas investigadoras garantes, coa indicación dos sexenios de cada unha delas	Anexo 1
Currículum normalizado resumido das persoas investigadoras promotoras, coa indicación dos sexenios de cada unha delas	Anexo 2
Posibles fontes de financiamento externa para desenvolver a actividade do instituto.	7. Plan de Viabilidade

2.INTRODUCCIÓN

O Instituto de Investigación en Deporte e Actividade Física (INCIDE) nace co propósito de contribuír de xeito multidimensional, aos retos da práctica de actividades físico-deportivas na sociedade actual. Do mesmo xeito, busca fortalecer, converxer e vertebrar a dimensión investigadora no eido das Ciencias do Deporte e da Actividade Física na Universidade de Vigo.

Ao ser concibido o INCIDE como un instituto universitario de investigación, desenvolverá liñas de I+D+i e de transferencia de coñecemento á sociedade cun enfoque multi e interdisciplinar, directamente relacionados cos siguientes 7 ámbitos competenciais (establecidos pola Resolución do 18 de setembro de 2018, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se publica o Acordo do Consello de Universidades do 17 de setembro de 2018, polo que se establecen recomendacións para a proposta polas universidades de informes de verificación do título oficial de grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte):

AC_1 Intervención educativa.

AC_2 Prevención, adaptación e mellora do rendemento físico-deportivo e da saúde mediante a aptitude física e o exercicio físico.

AC_3 Fomento de hábitos saudables e independentes mediante a actividade física e o deporte.

AC_4 Intervención mediante manifestacións do movemento humano.

AC_5 Planificación, avaliación e xestión-organización dos recursos e da actividade física e deportiva.

AC_6 Método e evidencia científica na práctica.

AC_7 Desempeño, ética e práctica profesional no contexto das intervencións.

O Instituto cumprirá cos seus propósitos cando se xere novo coñecemento e se divulgue, focalizándose no incremento da produción científica, na formación de novos e novas investigadoras, e na transferencia deste coñecemento ao tecido produtivo. E por isto que, un dos piares principais do INCIDE é a súa concepción como centro multidisciplinar, onde tanto a investigación como a transmisión e a transferencia de coñecemento teñen a mesma relevancia, desde unha perspectiva global. Sómente así, o INCIDE poderá dar resposta ás necesidades do tecido produtivo cunha alta repercusión social e económica. Neste sentido, o Instituto pretende incorporar unha "identidade" ao abordar os proxectos dende unha universidade con responsabilidade social, comprometida, accesible e que fomenta igualdade e o respecto polas diferenzas, garantido que os resultados xerados se poden transferir e intercambiar para transformar a sociedade con obxectividade, de xeito inclusivo, transversal e sostible.

O **Instituto de Investigacion en Deporte (INCIDE)** nace coa visión de posicionarse como un centro de investigación de excelencia y transferencia de resultados de investigación sectorial de referencia nos campos de deporte, o exercicio físico e a activiade física, conectada coas redes nacionales e internacionales máis relevantes.

O Plan Estratéxico recollido neste documento foi elaborado co obxectivo de amosar a relevancia estratéxica que supón a creación deste Instituto para o progreso económico e social de Galicia. A través del, preséntase unha visión clara do propósito para o que se funda e cara a onde quere avanzar o INCIDE, abordando unha planificación ben definida mediante unha xestión eficiente dos recursos dispoñibles cos que contan actualmente os grupos de investigación vinculados á Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo.

Deste xeito, o INCIDE constitúese como o eixo dinamizador do ecosistema deportivo galego, co obxectivo de contribuír á innovación deste sector a través dunha investigación de excelencia e unha transferencia tecnolóxica eficiente, de forma responsable, recoñecida, multidisciplinar, competitiva e comprometida co desenvolvemento territorial, social e empresarial da contorna.

A creación e posta en marcha do INCIDE permitirá cubrir a necesidade de investigación e transferencia neste sector dentro da estrutura do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Como se reflicte ao longo deste documento, a fundación do Instituto baséase en alicerces sólidos dentro da UVigo, xa que xorde grazas ao impulso de 12 investigadores/as vinculados de forma permanente a esta universidade, con competencias acreditadas en ámbitos específicos das ciencias do deporte.

O equipo promotor propón para a creación do Instituto un compromiso claro con 7 liñas estratéxicas consideradas prioritarias, a partir das cales se desenvolve a súa estratexia, recollida en 11 obxectivos concretados en 29 accións para os próximos 4 anos:

1. Crear unha cultura de investigación de excelencia e referente
2. Alcanzar una masa crítica de investigadres de excelencia
3. Crecer e manter o output de publicacións
4. Acadar partnerships estratéxicos e colaboraciones
5. Transferir o coñecemento ao sector produtivo
6. Crecer en financiación externa
7. Potenciaciar e reter o talento científico

Deste xeito, para acadar a misión do INCIDE, destacan os valores do Instituto, que son transversais a tódalas accións e teñen un papel fundamental no desenvolvemento da estratexia, pois definen a súa identidade e a visión de futuro:

1) **Internacionalización:** O INCIDE nace con vocación internacional. Para iso, é necesario encamiñar tódalas súas accións a aumentar a internacionalización da súa actividade, estreitando colaboracións cos principais axentes e participando nas diferentes iniciativas a este nivel.

2) **Cooperación e Integración**: O Instituto concíbese como unha estrutura integradora de todos os axentes que desenvolven I+D+i no eido da actividade física e o deporte no entorno, fomentando a interrelación entre eles.

3) **Excelencia:** O INCIDE desenvolverá a súa actividade apostando pola excelencia investigadora que fomente as publicacións de alto impacto, que potencie o desenvolvemento de iniciativas de I+D de diferentes disciplinas e que promova o intercambio de formación e de información sectorial.

4) **Especialización:** O INCIDE nace cunha definción clara das súas liñas de investigación e da importancia da especilización na definición do seus obxectivos e estratexias.

5) **Responsabilidade Social e Sostibilidade:** Esta liña incorpora a orientación do INCIDE cara á sociedade e inclúe accións alineadas cos principios de investigación e innovación

Universidade Vigo

ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN DO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN DE DEPORTE (INCIDE)

Tradicionalmente, a investigación no ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte centrouse no desenvolvemento de liñas de actuación concretas e específicas que requirían o uso de instalacións altamente especializadas, sendo desenvolvidas por un número limitado de investigadores. Nembargantes, as tendencias actuais e futuras neste ámbito, baséanse no deseño de liñas de investigación holísticas e multifocáis, que demandan a colaboración de equipos amplos e cohesionados, e que traballan conxuntamente en espazos que posibiliten un enfoque integral na abordaxe dos problemas científicos, e con solucións múltiples, interseccionais e acumulativas.

Na liña do sinalado, e semellante a outros campos de investigación que implican a interacción humana, o enfoque debe ser integral, dada a complexidade dos elementos e das relacións que se producen na contorna onde as persoas desenvolven a súa actividade física, ben sexa no contexto deportivo, no laboral, no educativo ou no recreativo. Este enfoque require considerar de maneira conxunta aspectos biolóxicos (xenéticos, fisiolóxicos, antropométricos, posturais, biomecánicos, etc.), aspectos relacionados coa enxeñaría (tecnoloxía, ferramentas, contorna físico-ambiental, mobiliario, etc.) e aspectos psicosociais (psicolóxicos, sociolóxicos, educativos, hábitos, valores, etc.). Deste xeito, a creación dun centro de investigación para a actividade física, o exercicio físico e o deporte, como o que se propón nesta memoria, debe proporcionar as condicións máis realistas posibles para avaliar unha ampla gama de situacións e contornas, permitindo analizar a actividade física e o deporte desde unha perspectiva holística.

Resulta, polo tanto, imprescindible abordar de xeito integral o estudo científico no ámbito da ensinanza da actividade física e do deporte, na motricidade humana, no deporte, na condición física e o adestramento físico-deportivo, no exercicio físico para a saúde e con especial incidencia en poboacións especiais (persoas con patoloxías, persoas maiores, embarazadas, etc.) ou na organización e xestión do deporte. Este enfoque é clave para o éxito da investigación que se pretende desenvolver neste centro. O Deporte e a Actividade Física, na súas concepcións máis amplas, non poden ser analizados de forma fragmentada, como ocorre noutros centros de investigación actuais. Polo tanto, é fundamental agrupar nun único centro tódalas áreas de investigación implicadas, facilitando o traballo interdisciplinar. O corpo de coñecemento das Ciencias do Deporte e da Actividade Física é de natureza complexa e multifactorial, o que subliña a necesidade dun centro que aborde de maneira integrada todo o que poda implicar o seu estudo.

Polo que sabemos, en España non existen moitos centros con estas características, agás o Instituto Mixto Universitario Deporte y Salud (IMUDS) en Granada, o Instituto Universitario de Investigación e Innovación en el Deporte (INIDE) en Cáceres ou o Centro de Investigación del Deporte (CID) en Elxe. Algunhas entidades abordan, de maneira parcial, certas áreas do fenómeno deportivo dentro doutros centros de investigación nacionais. Así, por exemplo, dentro do Instituto de Biomecánica de Valencia (IBV), existe unha área específica de biomecánica deportiva. En certos centros nacionais de biomedicina, tamén se localizan unidades ou áreas dedicadas á fisioloxía do deporte, así como unidades especializadas en dopaxe deportivo.

Polo tanto, o INCIDE converterase nun dos principais institutos de referencia a nivel nacional, cun enfoque multidisciplinar e integrado que permitirá desenvolver proxectos cooperativos para abordar, desde unha vertente científica, asistencial e de transferencia de coñecemento á sociedade, os diversos aspectos das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

A localización inicial do centro sería na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, aproveitando as instalacións e recursos cos que xa conta. E enténdense por recursos, entre outros, os grupos de investigación xa existentes na facultade e que, coa creación do instituto, pasarían a constituír as denominadas unidades de investigación.

De xeito estrutural, o INCIDE integrará varias áreas de coñecemento, establecendo dinámicas de traballo que promoverán a cooperación entre as unidades de investigación. Catro serán as áreas de coñecemento e que traballarán de forma conxunta e integrada na xeración e transferencia de coñecemento:

- Actividade Física, Exercicio Físico e Saúde (especialmente con poblaciones especiales
- Adestramento Físico-Deportivo
- Análise Comportamental da Actividade Física, do Exercicio Físico e do Deporte
- Educación Física e Deporte

É importante destacar que a alta especialización de cada unidade de investigación vén determinada, en parte, polo elevado grao de desenvolvemento tecnolóxico que requiren, sendo importante a dotación de recursos necesarios para realizar investigacións punteiras en cada área. Grazas á creación do INCIDE, estes recursos estarán ao servizo do instituto, facilitando o desenvolvemento de proxectos multidisciplinares que avanzarán no coñecemento científico desde unha perspectiva holística.

En consecuencia, cómpre subliñar que o INCIDE concíbese como un centro de investigación dedicado tanto á investigación básica como á aplicada, cunha orientación cara á vía asistencial e á transferencia de coñecemento. Neste sentido, o instituto responde aos obxectivos fundamentais da Universidade de Vigo na creación de centros e institutos de investigación, que son:

- Favorecer ou agrupamento estable de grupos de investigación ou investigadores/as individuais de xeito que a súa unión permita desenvolver ao máximo ou seu potencial investigador.

- Establecer vínculos con outros axentes do sistema de innovación: universidades, empresas, entes de financiamento, centros tecnolóxicos e centros de investigación nacionais e internacionais co fin de promover ou desenvolvemento de proxectos de investigación.

- Fomentar a dimensión internacional e a excelencia da investigación desenvolvida.

- Realizar traballos de carácter científico e tecnolóxico ou actividades específicas de formación para os organismos ou entidades públicas ou privadas, principalmente da súa contorna xeográfica e social que así o demanden, mediante o desenvolvemento de proxectos e contratos de investigación de conformidade cos procedementos legalmente establecidos.

A creación deste instituto permitirá consolidar e potenciar o valor engadido que xorde da actividade sinérxica de investigadores de distintas unidades de investigación e áreas de coñecemento, pertencentes a diversos departamentos da universidade. Isto xerará valor engadido en varias áreas, como segue:

- **Investigación.** Potenciando a colaboración con outros investigadores relacionados coa saúde co rendemento deportivo e/ou a educación física, para abordar estudos de maior envergadura e cunha perspectiva máis ampla.

- **Docencia.** Reforzando os estudos de mestrado e doutoramento vinculados ás Ciencias da Actividade Física e o Deporte, mellorando a calidade da formación do estudantado, favorecendo o desenvolvemento de teses de doutoramento de alto nivel e optimizando a formación investigadora.

- **Innovación e transferencia.** Impulsando novas relacións co tecido empresarial rexional e promovendo a creación de novas empresas de base tecnolóxica, complementando as xa existentes no marco de colaboración do instituto.

3. INFORMACIÓN XERAL

3.1. Nome e acrónimo do Instituto de Investigación en Ciencias do Deporte

Nos últimos tempos, un equipo de profesionais das Ciencias do Deporte analizou a necesidade de crear un espazo capaz de axudar a resolver as necesidades presentadas nos antecedentes, capaz de xerar e participar en proxectos europeos e de establecer e colaborar en redes de traballo e investigación autonómicas, nacionais e internacionais relacionados coa investigación e a innovación científica como canle para integrar a investigación en deporte e actividade física en e desde as posibilidades transversais que ofrecen as Ciencias do Deporte, e aplicar de xeito práctico esta perspectiva ao investigar sobre deporte e difundir o resultado destas investigación. Igualmente procurarase que este espazo teña entidade para participar nos diferentes programas de financiamento de I+D+i existentes tanto nesta área específica de coñecemento como nas demais disciplinas que o integran.

3.2. Definición do INCIDE

O Instituto de Investigación en Deporte e Actividade Física é un espazo de e para a investigación na Universidade de Vigo. Como instituto universitario de investigación terá como obxectivo primordial a xeración e transmisión de coñecemento mediante a investigación no eido das Ciencias da Actividade Física e do Deporte, coa intención de repercutir en la ensinanza da actividade física e do deporte, na motricidade humana, no deporte, na condición física e o adestramento físico-deportivo, no exercicio físico para a saúde e con especial incidencia en poboacións especiais (persoas con patoloxías, persoas maiores, embarazadas, etc.) ou na organización e xestión do deporte. E dicir na mejora da calidade de vida, da salude, do rendemento deportivo e da educación da nosa sociedade

O obxecto de interese, coincidente coa súa denominación, a xeración e transferencia de coñecemento nas Ciencias da Actividade Física e do Deporte. A Universidade de Vigo, avalada pola calidade e traxectoria do seu persoal docente, conta ademais con investigadores e investigadoras de alto nivel científico e recoñecido prestixio para este fin e coa cualificación e especialización requiridas para deseñar e desenvolver programas que equilibren os coñecementos teórico e aplicado, integren procesos de planificación de accións e empreguen metodoloxías que promovan o liderado do Instituto na súa materia e no seu marco de aplicación.

3.3. NORMATIVA E REGULAMENTO APLICABLE

O Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo (publicados no DOG o 22 de febreiro de 2019 e elaborados conforme á LOU), establece no seu artigo 49, dentro do capítulo IV sobre Centros e Unidades de I+D+i, o marco normativo dos Institutos Universitarios de Investigación. Estes institutos contan cun Regulamento propio de creación e xestión, aprobado polo Claustro o 17 de decembro de 2021, no que se recolle expresamente a súa normativa reguladora:

"Os institutos universitarios de investigación constitúen unha estrutura organizativa fundamental nas actividades de I+D+i do sistema público español, especialmente nas universidades. O seu papel está respaldado pola Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, así como pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, e pola

Orde do 26 de marzo de 2021, que regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do sistema universitario de Galicia."

A Lei Orgánica 6/2001 de Universidades (LOU), do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro de 2001), recolle no seu artigo 10 a figura dos Institutos Universitarios de Investigación, definíndoos no seu primeiro apartado como centros dedicados tanto á investigación científica e técnica como á creación artística. Estes institutos teñen a potestade de organizar e desenvolver programas e estudos de doutoramento e posgrao segundo os procedementos previstos nos estatutos, así como de ofrecer asesoramento técnico dentro do seu ámbito de competencia.

Pola súa banda, a Orde do 26 de marzo de 2021, que regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación no Sistema Universitario de Galicia (SUG), establece no seu artigo 2 que se consideran institutos de investigación do SUG aquelas estruturas de I+D+i mencionadas no artigo 5 da Lei 6/2013, do 13 de xuño. Correspóndelles ás universidades propoñentes caracterizar, categorizar e clasificar as unidades de I+D+i que soliciten a súa aprobación dentro do marco desta orde.

Así mesmo, a Lei 6/2013 establece no seu artigo 17 os criterios xerais que deben rexer o deseño das unidades de I+D+i, mentres que o artigo 19 regula especificamente a creación, modificación e supresión de centros de I+D+i no SUG. En coherencia co artigo 8.2 da LOU, determínase que lle corresponde á Xunta de Galicia a creación ou supresión dos institutos universitarios de investigación mediante decreto, tomando en conta criterios de excelencia científica, técnica ou artística, así como a súa relevancia estratéxica para o desenvolvemento económico e social de Galicia.

No momento da súa constitución, o Instituto de Investigación en Deporte e Actividade Física (INCIDE) réxese por:

- A lexislación vixente en materia de investigación,
- Os Estatutos da Universidade de Vigo,
- Regulamento de creación e xestión dos institutos de investigación da Universidade de Vigo,
- O seu propio regulamento interno.

Ademais, o INCIDE comprométese a actualizar calquera modificación normativa que afecte ao seu articulado, así como a incorporar novas disposicións que poidan impactar na Universidade de Vigo ou nas institucións e organismos cos que estableza acordos de colaboración ou accións conxuntas, que contarán co seu propio marco normativo.

3.4. FINALIDADE

O INCIDE ten o propósito de se converter en plataforma de referencia para a promoción e o desenvolvemento do coñecemento científico no ámbito do exercicio físico, a saúde, o rendemento deportivo e a Educación Física. Isto é, contribuír ao avance do coñecemento no ámbito da actividade física e o deporte, mellorando a calidade de vida da sociedade e potenciando o rendemento deportivo de maneira baseada na evidencia científica.

O Instituto, que xuntará aos grupos de investigación da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra relacionados ca investigación en Ciencias do Deporte, traballará en sinerxía e tendo como obxectivo prioritario conformar unha estrutura que agrupe unidades de

investigación dedicadas a potenciar, coordinar e difundir actividades relativas ao estudo, a formación e a divulgación en materia de das ciencias da Actividade Física e do Deporte atendendo a:

- Desenvolver estudos científicos sobre o impacto da actividade física na saúde, o rendemento deportivo, a prevención de enfermidades e a readaptación de patoloxías
- Crear e aplicar novas metodoloxías de adestramento, tecnoloxías deportivas e estratexias de prevención e redapatación de lesións, colaborando con clubs deportivos, centros de saúde e entidades públicas ou privadas.
- Impulsar programas de posgrao, doutoramento e formación continua para profesionais do deporte, a Educación Física, a preparación física, a readaptación físico-deportiva e a dirección deportiva.
- Proporcionar servizos de consultaría de planificación, evaluación y dirección de los recursos y la actividad física y deporte a institucións deportivas, gobernos e empresas relacionadas co deporte e a actividade física.
- Analizar e fomentar políticas e programas que incentiven a práctica de exercicio físico en toda a poboación, con especial énfasis en las poblaciones de carácter especial como son: personas mayores (tercera edad), escolares, personas con discapacidad y personas con patologías, problemas de salud o asimilados.
- Traballar en redes con outras universidades, centros de investigación, federacións deportivas e organizacións internacionais para desenvolver proxectos conxuntos

Así o INCIDE pretende, entre os seus propósitos, formar e conformar equipos de traballo capaces de asumir o liderado e xerar os cambios necesarios ao seu alcance desde o lente das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

Con todo, o labor do Instituto non se circunscribirá exclusivamente ao traballo dentro dun marco teórico concreto, que parte da investigación e a innovación, senón que, a través dunha concepción global dos estudos, procurarase a concreción e proposta de accións capaces de xerar cambios que contribúan a transformar a sociedade desenvolvendo accións que permitan avanzar.

As tarefas a realizar polo instituto, terán un impacto significativo en múltiples ámbitos. No plano deportivo, contribuirán á optimización do rendemento dos atletas, á prevención de lesións e á mellora dos métodos de adestramento. No ámbito da saúde pública, favorecerá a prevención de enfermidades crónicas e a promoción de hábitos de vida saudables, deseñando programas adaptados a distintos colectivos.

Ademais, potenciará a educación e a formación de profesionais do sector, garantindo unha actualización constante baseada en evidencias científicas. No campo da innovación, impulsará o desenvolvemento de novas tecnoloxías aplicadas ao deporte e á actividade física, favorecendo a colaboración con empresas e industrias do sector.

A nivel social, fomentará a inclusión a través do deporte adaptado e programas de integración, promovendo tamén a igualdade de xénero no ámbito deportivo. Finalmente, terá un impacto positivo na economía, xerando oportunidades de emprego, impulsando a industria do deporte e atraendo investimentos en proxectos de investigación e desenvolvemento. En definitiva, o instituto converterase nun motor de transformación que beneficiará tanto o ámbito académico como a sociedade en xeral.

Estes retos son o obxecto principal do INCIDE e o ánimo investigador das persoas que formarán parte do Instituto, así como o seu compromiso coa labor, social e ética, procurarán unha investi¬gación de excelencia e calidade.

Todo isto sen esquecer a aliñación coa Declaración de Helsinqui (2000) onde se establecen os principios éticos e científicos para a investigación en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, cos Obxectivos

de Desenvolvemento Sustentable (ODS) da ONU (en particular o ODS 3. Saúde e benestar, ODS 4. Educación de calidade, ODS 5. Igualdade de Xénero, ODS 9. Industria, innovación e infraestrutura, ODS 10. Redución das desigualdades, e ODS 11. Cidades e comunidades sostibles) e as metas da Unión Europea no Deporte e na Actividade Física relacionadas coa promoción da actividade física para a saúde, e a innovación, a integración social e a sostibilidade no deporte.

3.5. CLASE DE INSTITUTO

O INCIDE enmarcase na estratexia acordada entre as universidades galegas e a Xunta de Galicia para afrontar os retos da investigación de excelencia e a transferencia de coñecemento á sociedade.

O seu obxectivo é fortalecer as capacidades a través da creación e financiamento de estruturas organizativas estables de investigación, co fin de garantir a eficiencia, visibilidade, e excelencia na investigación, así como a mellora dos coñecementos de interese socioeconómico e a optimización dos recursos no Sistema Universitario Galego (SUG).

Este avance no desenvolvemento dunha estratexia galega de investigación permitiu a creación de centros e institutos de I+D+i máis competitivos a nivel nacional e internacional, promovendo un programa de investigación na SUG que se implementa desde 2019. O programa mobiliza recursos importantes, estruturando as unidades de investigación, mellorando a cualificación do persoal e establecendo a avaliación externa e a rendibilidade dos recursos.

Segundo o artigo 2 da ORDE do 26 de marzo de 2021, correspóndelle ás universidades propoñentes a caracterización e categorización das unidades de I+D+i que se someten á súa aprobación. O traballo investigador no INCIDE será unha canle crítica e analítica das distintas dimensións das Ciencias da Actividade Física e do Deporte, enfocándose na relación directa cos grupos obxectivo e na resolución de problemas identificados nos contextos de acción. En función da súa titularidade, o INCIDE clasifícase como propio, xa que foi creado por unha única universidade segundo a súa normativa interna. Respecto á súa estrutura e ámbito de actuación, o INCIDE combina os perfís investigador e innovador nun mesmo nivel, priorizando tanto a produción científica como a eficacia en innovación e transferencia no seu campo de actuación.

3.6. FUNCIÓNS DO INCIDE

Como mostra do firme compromiso da Universidade de Vigo coas Ciencias da Actividade Física e do Deporte, e na súa aposta como universidade das persoas xorde a creación deste Instituto, que pretende, entre outras cousas:

- Abordar o desafío da investigación e transferencia na actividade físico-deportiva dunha maneira transversal e interdisciplinaria;

- Ofrecer un espazo de referencia a nivel internacional no relativo aos procedementos e ás actuacións que contribúan ao progreso das Ciencias da Actividade Física e do Deporte tanto nos organismos e administracións públicas e privadas como na sociedade, co fin de acadar un cambio cultural e sistémico a este respecto;

- Artellar políticas baseadas na mellora da Saúde a través do Exercicio Físico, a Educación Física de Calidade, a mellora do Rendemento Deportivo e a mellora da Organización y Xestión do deporte, coas estratexias de diversidade que implementen os coñecementos existentes.

- Xerar novas estruturas de comunicación, difusión e participación.

O Instituto estará en constante actualización e avaliación, atendendo aos diferentes contextos de práctica de actividade físico-deportiva e traballando cos diversos actores implicados no desenvolvemento de accións que permitan identificar e brindar apoio aos grupos obxectivos aos que se dirixen as accións previstas.

Serán funcións do INCIDE:

- **Desenvolver investigación científica e aplicada mediante a realización de estudos científicos sobre os efectos do exercicio físico no rendemento deportivo, a saúde e o benestar das persoas.** Isto inclúe investigar aspectos como a fisioloxía do exercicio, a biomecánica, a nutrición deportiva, a psicoloxía do deporte e as mellores prácticas de adestramento e readaptación. A investigación aplicada tamén ten un enfoque práctico, desenvolvendo novas metodoloxías para mellorar a saúde pública, reducir o sedentarismo e promover hábitos saudables.

- **Fomentar a innovación e a transferencia de coñecemento á sociedade e ao sector deportivo**. Isto implica o desenvolvemento de novas ferramentas, dispositivos e metodoloxías que melloren as ensinanzas de actividade física e deporte, a motricidade humana, o deporte, o adestramento físico-deportivo, o exercicio físico para a saúde e co especial incidencia en poboacións especiais (patoloxías, persoas maiores, mulleres embarazadas, etc.) ou a organización e xestión deportiva. O instituto tamén debe actuar como un canal de transferencia de coñecemento, colaborando con federacións deportivas, clubs, centros de saúde, escolas e empresas para aplicar as súas investigacións no ámbito real, garantindo que os avances científicos se poidan aproveitar de maneira práctica.

- **Garantir a formación e capacitación de profesionais das ciencias da actividade física e do deporte, como adestradores/as, readaptadores/as, profesores /as de Educación Física, e directores/as deportivos.** Do mesmo xeito, ofrecer programas de doutoramento, mestrados e cursos de formación continua que permitan actualizar a profesionais con base nas últimas tendencias e descubrimentos científicos. Este proceso de formación tamén inclúe a preparación de futuros/as investigadores/as e académicos/as que poderán continuar avanzando no campo das ciencias do deporte.

Estas funcións, investigación, innovación e formación, permitirán que o instituto non só avance no coñecemento e mellore o rendemento físico-deportivo, senón que tamén xere un impacto positivo na saúde pública e na sociedade en xeral.

4. ORGANIZACIÓN DO INCIDE

4.1. Creación do INCIDE

A proposta para a creación do INCIDE conta co aval suficiente en número de persoas investigadoras doutoras con vinculación permanente a tempo completo á Universidade de Vigo que avalan a súa creación como investigadores/as promotores/as e cumpre co cociente de sexenios total dos investigadores/as promotores/as. As persoas investigadoras garantes do INCIDE contan coas características descritas no artigo 7 do Regulamento de creación e de xestión dos Institutos de Investigación da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro o 17 de decembro de 2021, e serán os que acreditarán a suficiencia científico-técnica para desenvolver os obxectivos científicos propostos na memoria xustificativa da creación do INCIDE, que se expón máis adiante.

4.2. Modificación e supresión

A modificación ou a fusión dun instituto con calquera outra entidade ou institución requirirá a elaboración dunha memoria cos requisitos e co procedemento establecidos no artigo 16 deste regulamento. A modificación ou a supresión do instituto levarase a cabo conforme o establecido no artigo 10 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e nos artigos 18 e 19 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia e a Orde, do 26 de marzo de 2021, pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e de institutos de investigación do sistema universitario de Galicia.

4.3. Goberno do INCIDE

Respectando os fins, os obxectivos, a configuración institucional e o marco estatutario, os institutos propios da Universidade de Vigo regularán o seu goberno de acordo cos modelos de xestión e de goberno descrito nos artigos seguintes. Os institutos rexeranse polo seu regulamento de réxime interno, que apro bará o Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

No caso dos institutos interuniversitarios, mixtos ou adscritos, a estrutura dos seus órganos de goberno detallarase no correspondente convenio que se asinará coas outras institucións participantes no momento da súa creación.

Os órganos de goberno dos institutos propios serán:

a) A xunta directiva

b) A comisión científica

c) O director ou directora

A xunta directiva do instituto propio estará composta polo menos por:

a) Reitor/a da universidade, ou vicerreitor/a en quen delegue, que a presidirá e a convocará.

b) Un/Unha vogal en representación do Consello Social da Universidade de Vigo.

c) Un/Unha vogal en representación das investigadoras e investigadores vinculados ao centro.

d) Un/Unha vogal en representación do persoal do centro que non sexa persoal investigador vinculado.

e) Representantes, se houbese, das institucións públicas ou privadas que contribúan de maneira substancial e estable ao financiamento ou á actividade do instituto.

f) Director/a do instituto.

g) Secretario/a do instituto, que o será tamén da xunta directiva.

Os membros universitarios deberán constituír sempre a maioría da xunta directiva. A xunta directiva reunirase, polo menos, unha vez ao ano en sesión ordinaria e en sesión extraordinaria, de acordo co que estableza o seu regulamento de réxime interno. Ademais, no regulamento de réxime interno poderá considerarse a participación doutros membros.

Sen prexuízo doutras tarefas que lle poidan ser asignadas no regulamento de réxime interno en desenvolvemento dos Estatutos da Universidade de Vigo, as principais funcións da xunta directiva do instituto serán:

a) Aprobar a elección da directora ou director do instituto a proposta da comisión científica e, de darse o caso, propoñerlle o seu cese á reitora ou reitor, mediante o acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros.

b) Aprobar a proposta de orzamento e a programación do instituto.

c) Aprobar a memoria anual de actividades e a memoria económica, da que se lle dará conta ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

d) Promover o financiamento e a dotación do instituto.

e) Enviarlle a proposta ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo da incorporación á xunta directiva do instituto de novos membros, en representación da comunidade universitaria ou de institucións públicas ou privadas.

f) Enviarlle a proposta ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo da modificación do regulamento de réxime interno do instituto

A COMISIÓN CIENTÍFICA

A comisión científica estará composta por:

a) O director/a do instituto que a convocará e a presidirá.

b) O secretario/a do instituto que o será tamén da comisión científica.

c) O persoal investigador vinculado do instituto que especifique o regulamento de réxime interno.

d) Unha representación do persoal investigador non permanente e en formación vinculado ao instituto equivalente ao 15 % do total da comisión científica.

A comisión científica reunirase, polo menos, dúas veces ao ano en período lectivo.

Son funcións da comisión científica:

a) Propoñerlle á xunta directiva a persoa que exerza a dirección do instituto.

b) Aprobar o ingreso de novos membros do persoal investigador do instituto e o seu cesamento. O acordo correspondente deberá contar co informe previo do consello asesor externo e deberá ser ratificado pola xunta directiva do instituto.

c) Preparar as propostas de programas, orzamento e memoria económica e de actividades do instituto.

d) Programar as actividades científicas, docentes e de asesoramento técnico do instituto e a vixilancia da súa realización.

e) Informar dos contratos do instituto ou do seu profesorado.

f) Asesorar a dirección do instituto.

g) Elaborar a proposta de regulamento de réxime interno, así como as súas modificacións, para a súa aprobación polo Consello de Goberno.

h) Outras funcións que dispoña o seu regulamento en desenvolvemento dos Estatutos da Universidade de Vigo.

O DIRECTOR/A

A persoa que exerza a dirección do instituto será elixida entre o persoal investigador doutor vinculado a tempo completo coa Universidade de Vigo e co instituto da Universidade de Vigo, por un máximo de dous mandatos consecutivos. O mandato terá unha duración de tres anos.

Para o caso de institutos interuniversitarios, mixtos ou adscritos, a elección virá regulada no acordo subscrito pola Universidade de Vigo coa entidade ou entidades partícipes.

A persoa que exerza a dirección do instituto será elixida pola xunta directiva, tras a proposta da comisión científica. A primeira persoa que exerza este cargo poderá ser nomeada directamente polo reitor/a como director/a comisario/a no momento de crearse o instituto, co fin de constituír a primeira xunta directiva.

Correspóndelle ao director/a:

a) Convocar e presidir a comisión científica, a execución dos seus acordos e a súa representación perante o Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

b) Representar o instituto no ámbito da súa competencia.

c) Executar os acordos adoptados polo consello do instituto e velar polo seu cumprimento.

d) Organizar e coordinar, de conformidade co consello, os medios persoais e materiais de que se cumpran os obxectivos do instituto.

e) Elaborar as propostas de orzamento e a programación do instituto.

f) Presentar a memoria de actividades e a memoria económica.

g) Propoñer a reitora ou reitor para o nomeamento da persoa que exerza como secretaria ou secretario.

h) Autorizar os gastos dentro do orzamento anual.

i) Tódalas tarefas que non estean expresamente atribuídas a outros órganos de gobern

O SECRETARIO/A

A persoa que exerza como secretaria ou secretario do instituto é quen dá fe dos actos administrativos e dos acordos dos órganos de goberno do instituto. Para este cometido custodiará as actas e expedirá as certificacións nos documentos oficiais do instituto. Ademais, exercerá as outras funcións que lle encomende a dirección de acordo co regulamento de réxime interno e os Estatutos da Universidade de Vigo.

O secretario/a será nomeado pola reitora ou reitor, logo da proposta da dirección, de entre o persoal de investigación vinculado ao instituto, que reúna os requisitos establecidos no artigo 71 dos Estatutos da Universidade de Vigo ou o funcionariado dos subgrupos A1 e A2 que presten servizos no instituto por un máximo de dous mandatos consecutivos.

O CONSELLO ASESOR EXTERNO

O consello asesor externo será un órgano asesor integrado por expertos/as de prestixio no ámbito de actuación do instituto. Será designado pola reitora ou reitor a proposta da xunta directiva do instituto que establecerá o seu réxime de funcionamento.

A designación dos membros do consello asesor externo farase por un período de catro anos, renovables. Serán funcións do consello asesor externo as seguintes:

a) Asesorar a xunta directiva e a dirección do instituto sobre a orientación da investigación que se vai desenvolver no instituto, así como sobre calquera outro aspecto que se considere oportuno.

b) Asistir a dirección e a xunta directiva sobre o seguimento da evolución da investigación e do centro e da transferencia dos resultados da investigación.

c) Avaliar periodicamente a actividade de I+D+i dos grupos do persoal investigador vinculado co instituto, e emitir os correspondentes informes de valoración.

4.4 Organización da Gobernaza

Unha vez aprobada a creación dun instituto, a reitora ou reitor nomeará unha directora ou director comisario entre o persoal investigador que cumpra as condicións establecidas no artigo 4.2.a, que cesará como tal ao cumprirse as previsións regulamentarias sobre a constitución dos órganos ordinarios de goberno do instituto, e non poderá superar tres anos.

No suposto de que transcorrido un curso académico sen que se constituísen legalmente os órganos de goberno do instituto, a reitora ou reitor, á vista das circunstancias concorrentes, poderá revogar o nomeamento e, tras oír o Consello de Goberno da universidade, nomeará outra directora ou director en funcións coa única finalidade de rematar o proceso constitutivo de todos os órganos do instituto. Esta directora ou director en funcións poderá pertencer ao grupo promotor ou poderá ser outra persoa independente sempre que cumpra os requisitos requiridos

4.5. Seguemento e Avaliación

A actividade dos institutos estará guiada por un plan cuadrienal que deberá ser avaliado por un consello asesor externo ou, de ser o caso, polo procedemento establecido pola vicerreitoría con competencias en investigación. Os institutos remitirán anualmente unha memoria de actividades e unha memoria económica para a súa avaliación e o seu seguimento por parte dos órganos de goberno do instituto e ratificada polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

4.6. Membros do INCIDE

Poden ser integrantes do INCIDE:

a) Investigadoras e investigadores vinculados: persoal docente e investigador (PDI) doutor vinculado a tempo completo á Universidade de Vigo e vinculado ao instituto e/ou investigadores/as doutores doutras institucións adscritos á Universidade de Vigo mediante acordos institucionais que recoñezan a súa relación formal co instituto.

b) Investigadoras e investigadores non permanentes: persoal investigador contratado especificamente con cargo a programas ou a proxectos de investigación de acordo co marco laboral e normativo aplicable.

c) Investigadoras e investigadores externos: no caso de institutos adscritos ou concertados, investigadores/as doutros centros públicos ou privados que colaboren co instituto en virtude do correspondente convenio e nas condicións que nel se establezan.

d) Investigadoras e investigadores en formación: persoal investigador matriculado nalgún programa de doutoramento da Universidade de Vigo que conte coa dirección ou coa codirección dun investigador/a vinculado ao instituto.

e) Investigadoras e investigadores colaboradores: entendido como persoal investigador non incluído nos apartados anteriores que colaboren nalgún proxecto ou programa do instituto. O regulamento de réxime interno recollerá os requisitos e a modalidade de participación destes colaboradores e colaboradoras na actividade e no goberno do instituto.

f) Persoal de administración e servizos: poderá ser do cadro de persoal da universidade ou contratado para programas específicos de investigación.

4.7. Persoas investigadoras garantes do INCIDE

Persoal investigador con vinculación permanente e a tempo completo na Universidade de Vigo que, por reunir os criterios de excelencia e de competencia científica, avala e garante o desenvolvemento do programa e os obxectivos definidos para o Instituto na súa Constitución:

- Carlos Ayán Pérez. Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo.
- Roberto Barcala Furelos. Catedrático na Área de Didáctica da Expresión Corporal da Universidade de Vigo.
- José María Cancela Carral. Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo.
- Carlos Lago Peñas. Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo

<table>
<tr><th colspan="5">CARLOS AYÁN PÉREZ</th></tr>
<tr><td>Nº ORCID</td><td colspan="4">0000-0003-3374-843X</td></tr>
<tr><td>POSTO ACTUAL</td><td colspan="4">Catedrático de Educación Física e Deportiva da UVigo</td></tr>
<tr><td>Nº de sexenios de investigación e transferencia</td><td colspan="4">3 sexenios de investigación</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Nº de artigos publicados en revistas indexadas no SCI</td><td>Q1</td><td>Q2</td><td>Q3</td><td>Outros</td></tr>
<tr><td>15</td><td>32</td><td>25</td><td>102</td></tr>
<tr><td>Índice H (WoS, Google scholar e Scopus)</td><td colspan="4">Scopus = 24
Google Scholar = 25</td></tr>
<tr><td>Nº de teses dirixidas</td><td colspan="4">4</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de teses cunha dirección relevante con resultados publicados en revistas indexadas no JCR</td><td>4</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional como investigador principal</td><td>4</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional nas que participou</td><td>6</td></tr>
<tr><td colspan="5">Actividades de referencia en investigación e transferencia</td></tr>
<tr><td colspan="5">Coordinador da Rede de Exercicio e Discapacidade (CSD), con participación en 10 proxectos de investigación vinculados ao ámbito da actividade física e a saúde.</td></tr>
</table>

ROBERTO BARCALA FURELOS				
Nº ORCID	0000-0002-7247-0509			
POSTO ACTUAL	Catedrático de Didáctica da Expresión Corporal da UVigo			
Nº de sexenios de investigación e transferencia	2 sexenios de investigación 1 sexenio de transferencia			
Nº de artigos publicados en revistas indexadas no SCI	**Q1**	**Q2**	**Q3**	**Outros**
	27	34	28	31
Índice H (WoS, Google scholar e Scopus)	WoS = 19 Scopus = 23 Google Scholar = 25			
Nº de teses dirixidas	15			
Nº de teses cunha dirección relevante con resultados publicados en revistas indexadas no JCR	7			
Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional como investigador principal				
Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional nas que participou	3			

Actividades de referencia en investigión e transferencia

Roberto Barcala Furelos é catedrático de universidade, coa súa liña de investigación centrada no ámbito do socorrismo e da educación física, cunha traxectoria que abarca a investigación, a innovación e a transferencia de coñecemento. A súa formación académica inclúe unha licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, un título de Mestre especialista en Educación Física, e un grao en Enfermaría. Ademais, obtivo dous doutoramentos, un pola Universidade de Vigo e outro en Enfermaría pola Universidade de Santiago de Compostela, ambos coa cualificación de Sobresaliente Cum Laude. Ademais, obtivéronse tres sexenios (dous de investigación e un de transferencia).No ámbito da investigación, dirixiu numerosas teses doutorais, cunha ampla produción científica derivada. O asinante é coordinador do grupo de investigación, como REMOSS, onde foi investigador principal desde 2012, e GIAAS, no que colaborou externamente desde 2007. Estas colaboracións permitiron o desenvolvemento de investigacións sobre o rendemento, a motricidade e o socorrismo, o que derivou nunha produción científica que inclúe a publicación de máis de 100 artigos en revistas indexadas en JCR e Scopus, abordando temas como a reanimación cardiopulmonar e o socorrismo acuático así como a creación de recursos educativos audiovisuais e multimedia, como documentais sobre RCP básica e curtos de ficción para a ensinanza de primeiros auxilios, financiados por diversas entidades. Evaluador de proxectos competitivos e membro de diferentes equipos de investigación para proxectos de investigación, innovación e contratos. Tamén participou como relator de Decretos autonómicos vinculados ao socorrismo e foi membro do grupo de expertos que revisou cualificacións do Instituto Nacional das Cualificacións (INCUAL).

<table>
<tr><th colspan="5">JOSE Mª CANCELA CARRAL</th></tr>
<tr><td>Nº ORCID</td><td colspan="4">0000-0003-2903-3829</td></tr>
<tr><td>POSTO ACTUAL</td><td colspan="4">Catedrático de Educación Física y Deportiva (Uvigo)</td></tr>
<tr><td>Nº de sexenios de investigación e transferencia</td><td colspan="4">3 sexenios de investigación</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Nº de artigos publicados en revistas indexadas no SCI</td><td>Q1</td><td>Q2</td><td>Q3</td><td>Outros</td></tr>
<tr><td>53</td><td>38</td><td>59</td><td>66</td></tr>
<tr><td>Índice H (WoS, Google scholar e Scopus)</td><td colspan="4">WoS =25
Google scholar = 42
Scopus = 23</td></tr>
<tr><td>Nº de teses dirixidas</td><td colspan="4">21</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de teses cunha dirección relevante con resultados publicados en revistas indexadas no JCR</td><td>15</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional como investigador principal</td><td>10</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional nas que participou</td><td>17</td></tr>
<tr><td colspan="5">Actividades de referencia en investigación e transferencia</td></tr>
<tr><td colspan="5">Experto en Exercicio físico e saúde con orientación aos adultos maiores. A miña actividade investigadora céntrase na análise do efecto de diferentes protocolos de actividade física saudable en poboacións diagnosticadas con enfermidades neurodexenerativas. Investigador principal en máis de 20 proxectos de investigación de ámbito europeo e nacional con financiamento público. Primeiro Premio BeActive Awards 2023, outorgado pola Comisión Europea polo desenvolvemento do proxecto In Common Sports. Dirixín máis de 20 teses doutorais, con relevancia nos seus resultados. Escribín máis de 30 libros ou capítulos de libros vinculados ao exercicio físico e á saúde. Son autor de máis de 200 traballos de investigación publicados en revistas de prestixio recoñecido (JCR; Q1: 53) como: Journal of Science and Medicine in Sport, European Review of Aging and Physical Activity, Rehabilitation, International Journal of Environmental Research and Public Health, Journal of Aging and Physical Activity, Journal of Exercise Rehabilitation, Science & Sports, Archives of Gerontology and Geriatrics, Multimodal Technologies and Interaction, Sensors, Virtual Reality, Medicina, Medicine & Science in Sports & Exercise, entre outras. Revisor habitual de artigos para diversas revistas SCI nas seccións de “Sport Sciences”, “Gerontology” e “General Medicine”. Especialista avaliador e colaborador habitual das Axencias de Avaliación de Comunidades Autónomas españolas e de diversos países estranxeiros. Galardoado con diferentes premios de investigación nacionais. Impartín e participei en máis dun cento de conferencias e ponencias en seminarios e congresos internacionais e nacionais.</td></tr>
</table>

CARLOS LAGO PEÑAS				
Nº ORCID	0000-0002-1626-2035			
POSTO ACTUAL	Catedrático de Educación Física e Deportiva da UVigo			
Nº de sexenios de investigación e transferencia	3 sexenios de investigación 1 sexenio de transferencia			
Nº de artigos publicados en revistas indexadas no SCI	**Q1**	**Q2**	**Q3**	**Outros**
	35	35	28	45
Índice H (WoS, Google scholar e Scopus)	WoS =46 Google scholar = 65 Scopus = 49			
Nº de teses dirixidas	9			
Nº de teses cunha dirección relevante con resultados publicados en revistas indexadas no JCR	8			
Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional como investigador principal	3			
Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional nas que participou	12			
Actividades de referencia en investigión e transferencia				
Editor en Xefe da Revista International Journal of Performance in Sport. Membro do Equpo editorial de 10 revistas indexadas no JCR. Revisor de máis de 75 revistas indexadas no JCR. Autor de numerosos libros enpregadois no ámbito profesional por distintas Federacións deportivas. Asesor/colaborador de LaLiga, Barca Innovation Hub, e diversos clubes profesionales. Coordinador de área de diversos programas de avaliación da ANECA. Incluido dentro do ranking de Stanford que inclue ao 2% de científicos máis ciotados do mundo. Investigador español máis citado na área de Ciencias do Deporte durante varios anos. Promotor dunha spin-off vinculada ao adestramento deportivo.				

4.8. Persoas investigadoras promotoras do INCIDE

- Carlos Ayán Pérez. Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo.
- Roberto Barcala Furelos. Catedrático na Área de Didáctica da Expresión Corporal da Universidade de Vigo.
- José María Cancela Carral. Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo
- María de los Ángeles Fernández Villarino. Profesora Titular na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo.
- Óscar García García. Profesor Titular na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo.
- Alfonso Gutiérrez Santiago. Profesor Titular na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo.
- Carlos Lago Peñas. Catedrático na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo.
- José María Pazos Couto. Profesor Titular na Área de Didáctica da Expresión Corporal da Universidade de Vigo.
- Ezequiel Rey Eiras. Profesor Titular na Área de Didáctica da Expresión Corporal da Universidade de Vigo.
- Vicente Romo Pérez. Profesor Contratado Doctor na Área de Didáctica da Expresión Corporal da Universidade de Vigo.
- Patricio Sánchez Fernández. Profesor Titular na Área de Economía Financeira e Contabilidade da Universidade de Vigo.
- María Elena Vila Suárez. Profesora Titular na Área de Educación Física e Deportiva da Universidade de Vigo.

<table>
<tr><th colspan="5">Mª DE LOS ÁNGELES FERNÁNDEZ VILLARINO</th></tr>
<tr><td>Nº ORCID</td><td colspan="4">0000-0002-2466-8940</td></tr>
<tr><td>POSTO ACTUAL</td><td colspan="4">Titular de Universidad</td></tr>
<tr><td>Nº de sexenios de investigación e transferencia</td><td colspan="4">1 sexenio de investigación</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Nº de artigos publicados en revistas indexadas no SCI</td><td>Q1</td><td>Q2</td><td>Q3</td><td>Outros</td></tr>
<tr><td>121</td><td></td><td></td><td>158</td></tr>
<tr><td>Índice H (WoS, Google scholar e Scopus)</td><td colspan="4">WOS = 5
Scopus = 7
Google Scholar = 16</td></tr>
<tr><td>Nº de teses dirixidas</td><td colspan="4">4</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de teses cunha dirección relevante con resultados publicados en revistas indexadas no JCR</td><td>2</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional como investigador principal</td><td>0</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional nas que participou</td><td>8</td></tr>
<tr><td colspan="5">Actividades de referencia en investigación e transferencia</td></tr>
<tr><td colspan="5">Ao longo do meu desenvolvemento profesional como docente e investigadora na Universidade de Vigo, son autora de máis de 30 publicacións científicas en revistas indexadas en JCR, SJR e Scopus. Ademais, participei en 3 libros e monografías, 11 capítulos de libros (sendo un deles na editorial SPI Q1) e 14.

Paralelamente, participei en 8 proxectos de investigación financiados tanto a nivel nacional como autonómico, cun importe global de 177.000 euros. Neste proxectos exerci como membro do equipo de investigación. Realicei 5 estancias de investigación en centros nacionais e estranxeiros, destacando: Facultade de Motricidade Humana de Lisboa, Instituto Superior de Formación Docente Salomé Ureña da República Dominicana, Instituto da Muller de España, Ministerio de Igualdade en Madrid, Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Universidade Politécnica de Madrid. A transferencia que a miña labor como docente e investigadora tivo e ten pasa, entre outras, por:
- Participei en 7 contratos de I+D, tanto de carácter nacional como internacional, destacando os desenvolvidos co Instituto da Muller de España e o Ministerio de Igualdade; os realizados con Red Talento Consultoras e en colaboración co Programa de Promoción de Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero da Xunta de Galicia, cofinanciado polo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020.
- A participación como ponente invitada en 18 congresos, 13 de índole nacional e 5 de nivel internacional.</td></tr>
</table>

OSCAR GARCÍA GARCÍA				
Nº ORCID	0000-0003-4215-9207			
POSTO ACTUAL	Profesor Titular del Área de Educación Física y deporte de la UVigo			
Nº de sexenios de investigación e transferencia	2 sexenios de investigación			
Nº de artigos publicados en revistas indexadas no SCI	**Q1**	**Q2**	**Q3**	**Outros**
	9	16	8	9
Índice H (WoS, Google scholar e Scopus)	WoS = 13 Scopus = 15 Google Scholar = 22			
Nº de teses dirixidas	6			
Nº de teses cunha dirección relevante con resultados publicados en revistas indexadas no JCR	5			
Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional como investigador principal	0			
Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional nas que participou	4			

Actividades de referencia en investigación e transferencia

Director ou codirector de 17 traballos de fin de máster de carácter científico-experimental na área de Educación Física e Deporte, relacionados co adestramento deportivo.

Investigador principal en 6 proxectos de I+D con entidades deportivas e investigador colaborador noutro proxecto de I+D. Todos estes proxectos representaron unha notable actividade de transferencia do coñecemento desde a UVigo a estas entidades deportivas.

Copropietario dunha patente en explotación concedida polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, derivada dunha das teses doutorais dirixidas.

Autor ou coautor de 5 ferramentas rexistradas con dereitos de propiedade intelectual (Safe Creative).

Investigador principal en 2 proxectos de innovación educativa e investigador colaborador noutros 5 proxectos de innovación educativa.

Revisor externo desde 2011 de revistas indexadas en SCI na categoría de Sport Sciences, cun total de 46 revisións en SCI.

<table>
<tr><th colspan="5">ALFONSO GUTIÉRREZ SANTIAGO</th></tr>
<tr><td>Nº ORCID</td><td colspan="4">0000-0001-8071-3833</td></tr>
<tr><td>POSTO ACTUAL</td><td colspan="4">Titular de Universidad (Área EF y Deportiva) da UVigo</td></tr>
<tr><td>Nº de sexenios de investigación e transferencia</td><td colspan="4">3 sexenios de investigación</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Nº de artigos publicados en revistas indexadas no SCI</td><td>Q1</td><td>Q2</td><td>Q3</td><td>Outros</td></tr>
<tr><td>21</td><td>9</td><td>11</td><td>12</td></tr>
<tr><td>Índice H (WoS, Google scholar e Scopus)</td><td colspan="4">WoS = 11
Scopus = 13
Google Scholar = 19</td></tr>
<tr><td>Nº de teses dirixidas</td><td colspan="4">3</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de teses cunha dirección relevante con resultados publicados en revistas indexadas no JCR</td><td>3</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional como investigador principal</td><td>0</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional nas que participou</td><td>13</td></tr>
<tr><td colspan="5">Actividades de referencia en investigación e transferencia</td></tr>
<tr><td colspan="5">Director ou codirector de 3 teses doutorais, 12 Traballos de Fin de Máster e 27 Traballos de Fin de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, con liñas de investigación centradas na análise do rendemento deportivo, a lóxica interna dos deportes e a metodoloxía observacional.

Coordinador do Observational Research Group (iObserving) desde 2020. Investigador en 10 proxectos de investigación subvencionados, cunha financiación total superior aos 500.000 euros. Responsable de diversos proxectos de innovación docente no ámbito da actividade física e do deporte.

Membro de comités científicos en congresos e avaliador de teses doutorais. Revisor habitual de artigos científicos para revistas indexadas en JCR e SCOPUS, con máis de 50 revisións realizadas. Membro do comité editorial de revistas científicas especializadas en deporte e rendemento deportivo.

Especialista avaliador e colaborador habitual de axencias autonómicas e nacionais no ámbito da educación superior e da investigación deportiva. Relator en congresos nacionais e internacionais, con máis de 30 ponencias e comunicacións. Autor e coautor de libros, capítulos de libros e artigos científicos en revistas de impacto (máis de 50 artigos JCR).</td></tr>
</table>

JOSÉ MARÍA PAZOS COUTO				
Nº ORCID	0000-0001-7234-6834			
POSTO ACTUAL	Titular de Universidade			
Nº de sexenios de investigación e transferencia	2 sexenios de investigación e 1 sexenio de transferencia			
Nº de artigos publicados en revistas indexadas no SCI	**Q1**	**Q2**	**Q3**	**Outros**
	1			35
Índice H (WoS, Google scholar e Scopu))	Indice H WOS = 4 Indice H Scopus = 3 Indice H Scholar = 15			
Nº de teses dirixidas	3			
Nº de teses cunha dirección relevante con resultados publicados en revistas indexadas no JCR				2
Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional como investigador principal				0
Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional nas que participou				0

Actividades de referencia en investigación e transferencia

Director ou codirector de 3 teses doutorais, 13 traballos de fin de mestrado e 88 traballos de fin de grao. Membro da xunta e do goberno do COLEF-G entre 2007 e 2015 (vogal en 2007, vicesecretario entre 2008 e 2010, vicepresidente entre 2010 e 2011, presidente entre 2011 e 2015). Revisor de diferentes revistas relacionadas coa área da Educación Física e do Deporte. Avaliador de proxectos competitivos FONDECYT do Ministerio de Educación de Chile entre 2017 e 2025. Participación en diversas investigacións con profesorado de universidades de Chile, Brasil, Colombia e Portugal. Avaliador internacional na elaboración de estándares disciplinares para as carreiras de Pedagoxía en Educación Física en Chile.

EZEQUIEL REY EIRAS				
Nº ORCID	0000-0003-4770-2694			
POSTO ACTUAL	Profesor Titular de Universidade			
Nº de sexenios de investigación e transferencia	2 sexenios de investigación			
Nº de artigos publicados en revistas indexadas no SCI	**Q1**	**Q2**	**Q3**	**Outros**
	57	26	7	2
Índice H (WoS, Google scholar e Scopus)	Indice H WOS = 27 Indice H Scopus = 27 Indice H Scholar = 39			
Nº de teses dirixidas	8			
Nº de teses cunha dirección relevante con resultados publicados en revistas indexadas no JCR	8			
Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional como investigador principal	2			
Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional nas que participou	6			

Actividades de referencia en investigación e transferencia

Director de 8 teses doutorais, das cales 4 recibiron o Premio Extraordinario de Doutoramento de Universidade de Vigo. Realizou tres estancias de investigación na California State University (Los Ángeles, California, EE.UU.), cada unha de tres meses de duración. En 2018 e en 2022, estas estancias foron apoiadas polas axudas José Castillejo, e en 2024 contou coa axuda Salvador de Madariaga. Avaliador da Axencia Estatal de Investigación desde 2019. Coautor da aplicación Alfamov, ida avaliación da competencia motriz en escolares, rexistrada con propiedade intelectual. Director dos proxectos Stembach.

<table>
<tr><th colspan="5">PATRICIO SANCHEZ FERNANDEZ</th></tr>
<tr><td>Nº ORCID</td><td colspan="4">0000-0002-7848-3634</td></tr>
<tr><td>POSTO ACTUAL</td><td colspan="4">Profesor Titular de Universidade de Economía Financeira e Contabilidade na UVigo</td></tr>
<tr><td>Nº de sexenios de investigación e transferencia</td><td colspan="4">1 sexenio de investigación</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Nº de artigos publicados en revistas indexadas no SCI</td><td>Q1</td><td>Q2</td><td>Q3</td><td>Outros</td></tr>
<tr><td>7</td><td>6</td><td>5</td><td>10</td></tr>
<tr><td>Índice H (WoS, Google scholar e Scopus)</td><td colspan="4">Indice H WOS = 11
Indice H Scopus: =12
Indice H Scholar = 20</td></tr>
<tr><td>Nº de teses dirixidas</td><td colspan="4">2</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de teses cunha dirección relevante con resultados publicados en revistas indexadas no JCR</td><td>2</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional como investigador principal</td><td>10</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional nas que participou</td><td>15</td></tr>
<tr><td colspan="5">Actividades de referencia en investigación e transferencia</td></tr>
<tr><td colspan="5">Subdirector do Grupo de Investigación GEN da Universidade de Vigo (Governance and Economics Research Network) desde o 5 de decembro de 2013 ata o 31 de decembro de 2024. XIX Premio “José Mª Fernández Pirla” de Proxectos de Investigación Contable, outorgado polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ICAC) no ano 2016. Editor de MPRA Working Papers da Munich University Library desde xullo de 2014 ata a actualidade: https://mpra.ub.uni-muenchen.de/information.html. Editor convidado do special issue da revista International Journal of Sport Finance (IJSF) - volume 16, número 4, ano 2021: https://fitpublishing.com/journals/international-journal-sport-finance-164. Accésit á mellor comunicación nas XXV Xornadas Hispano-Lusas de Xestión Científica, febreiro de 2015. Xurado do V Premio ao Xove Investigador no XI Congreso Iberoamericano de Economía do Deporte, Coruña 2021. IV Premios de Investigación do Colexio de Economistas ao director do TFG polo traballo titulado "Deseño dunha quiniela galega", outubro de 2016. Porcentaxe de artigos “top” (altamente citados – entre o 25% máis citados internacionalmente): 13,5%. Ata a actualidade, conta con 89 publicacións en 54 revistas, entre as que destacan pola súa relevancia académica as seguintes: European Research on Management and Business Economics, Tourism Economics, Social Indicators Research, Revista de Psicología del Deporte.</td></tr>
</table>

VICENTE ROMO PEREZ				
Nº ORCID	0000-0002-4247-9975			
POSTO ACTUAL	Profesor Contratado doctor Didáctica Expresión Corporal da UVigo			
Nº de sexenios de investigación e transferencia	3 sexenios			
Nº de artigos publicados en revistas indexadas no SCI	**Q1**	**Q2**	**Q3**	**Outros**
	16	10	13	11
Índice H (WoS, Google scholar e Scopus)	Indice H WOS =13 Indice H Scopus = 15 Indice H Scholar = 23			
Nº de teses dirixidas	9			
Nº de teses cunha dirección relevante con resultados publicados en revistas indexadas no JCR	4			
Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional como investigador principal				
Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional nas que participou	3			
Actividades de referencia en investigación e transferencia				
Contratos coa Xunta de Galicia para a categorización dos programas de actividade física para persoas maiores. Membro do equipo para a redacción das recomendacións sobre actividade física para persoas maiores en España.				

<table>
<tr><th colspan="5">María Elena Vila Suárez</th></tr>
<tr><td>Nº ORCID</td><td colspan="4">0000-0002-7860-4598</td></tr>
<tr><td>POSTO ACTUAL</td><td colspan="4">Titular de Universidad de la UVigo</td></tr>
<tr><td>Nº de sexenios de investigación e transferencia</td><td colspan="4">3 sexenios de investigación (2006-2011), (2012-2017), (2018-2023)</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Nº de artigos publicados en revistas indexadas no SCI</td><td>Q1</td><td>Q2</td><td>Q3</td><td>Outros</td></tr>
<tr><td>8</td><td>16</td><td>8</td><td>Q4= 14</td></tr>
<tr><td>Índice H (WoS, Google scholar e Scopu))</td><td colspan="4">Indice H WOS = 10
Indice H Scopus = 11
Indice H Scholar: 25</td></tr>
<tr><td>Nº de teses dirixidas</td><td colspan="4">2</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de teses cunha dirección relevante con resultados publicados en revistas indexadas no JCR</td><td></td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional como investigador principal</td><td>1</td></tr>
<tr><td colspan="4">Nº de proxectos de investigación ou redes de investigación de carácter competitivo de ámbito rexional, nacional ou internacional nas que participou</td><td>10</td></tr>
<tr><td colspan="5">Actividades de referencia en investigación e transferencia</td></tr>
<tr><td colspan="5">Doutoreime no ano 2002 cunha tese sobre a detección de talentos en balonmán feminino e, a continuación, fun contratada pola Universidade Católica de Murcia (UCAM). No ano 2011 conseguín unha praza de axudante doutora na Universidade de Vigo, onde na actualidade son profesora titular. Durante a carreira, e ata o ano 2008, compatibilicei a miña vida académica coa miña participación no corpo técnico de diversos equipos masculinos de balonmán, chegando ata a Primeira Nacional. Ademais, durante tres anos formei parte das valoracións das Seleccións Españolas de Balonmán Feminino. No ano 2007 pasei a ser a investigadora principal do meu grupo de investigación e, en 2009, conseguimos un plan nacional como grupo de investigadora nova. Obtivemos unha valoración "moi satisfactoria" deste plan nacional, o que nos permitiu solicitar unha acción complementaria E para o Campionato do Mundo de Balonmán celebrado en España. O cambio de universidade supuxo o inicio da miña segunda liña de investigación, relacionada co meu grupo de investigación e coa docencia que imparto, centrada en intervencións de exercicio físico en adultos maiores independentes e dependentes. Nesta liña colaboro con investigadores doutros países, principalmente Portugal, realizando publicacións conxuntas e estancias Erasmus nas respectivas universidades. A liña de valoración e control do rendemento segue activa, e por iso formo parte de redes con outros investigadores de diferentes universidades españolas, traballando conxuntamente e deseñando novas propostas de investigación centradas no rendemento deportivo, especialmente no balonmán. Son especialista avaliadora colaboradora da Agencia Nacional de Evaluación y Prospectiva (ANEP), así como avaliadora colaboradora para o Fondo Nacional de Desarrollo de Educación Peruana e a Organización de Estados Iberoamericanos.</td></tr>
</table>

4.9. Vinculación e desvinculación dos investigadores do INCIDE

O regulamento de réxime interno do INCIDE definirá os criterios de avaliación para a incorporación ou desvinculación do persoal investigador. Os órganos de goberno do Instituto validarán este proceso e o/a investigador/a solicitante asumirá un compromiso de vinculación mínimo de tres anos. A vinculación de cada membro ao INCIDE realizarase necesariamente sobre a base dos criterios de méritos de investigación e idoneidade, respectando os principios de igualdade de oportunidades e tendo en conta os fines do Instituto.

O persoal investigador poderá estar vinculado formalmente a un só Instituto, entendéndose que a súa actividade investigadora e a súa produción científica (investigadora e de transferencia), aos efectos de filiación e valoración de indicadores, estarán vinculadas ao Instituto. Ademais, poderá visibilizarse a súa adscrición complementariamente a outras unidades académicas ou de investigación (Departamentos, grupos, Facultades, Escolas) ás que poida estar adscrito.

Excepcionalmente, poderase considerar o recoñecemento de investigadores/as vinculados/as a un Instituto a tempo parcial cando a súa contribución sexa determinante na incorporación de capacidades disciplinares de interese para o desenvolvemento do Instituto e a súa axenda científica. Neste caso, o/a investigador/a poderá combinar a súa pertenza a dous Institutos, dividindo os seus méritos ao 50% entre ambos e non poderá en ningún caso exercer a dirección dun deles.

O persoal investigador que solicite a admisión ao INCIDE deberá comunicalo ao seu Departamento, o cal deberá informar se está ou non a favor da correspondente vinculación. O informe, que non terá carácter vinculante, deberá considerarse no correspondente proceso formal de vinculación.

A desvinculación dun membro do INCIDE poderá ter lugar á instancia da comisión científica do Instituto, do consello asesor externo, da dirección do Instituto ou da persoa interesada, e deberá ser resolta pola súa xunta directiva no prazo de seis meses dende a presentación da instancia correspondente.

Despois da súa creación, o Instituto realizará unha convocatoria para a adscrición de novos/as investigadores/as, aberta ao conxunto do profesorado e investigadores/as da institución.

5. PLAN ESTRATÉXICO

5.1. Misión e Visión

O Instituto de Investigación do Deporte (INCIDE) nace coa idea de converterse nun espazo de referencia a nivel internacional onde, a través dunha investigación de excelencia e dunha transferencia efectiva ao sector e á sociedade galega, facilite a formación, atracción e retención de talento científico.

O INCIDE defínese como unha ferramenta que a Universidade de Vigo pon a disposición do ecosistema deportivo galego, para xerar coñecemento aplicado con potencial trasnformador na nosa realidade máis cercana. Trátase de converterse en un axente estratéxico que permite potenciar as sinerxías entre o coñecemento científico máis avanzado e o tecido empresarial e institucional do deporte en Galicia

Ante isto, pódese dicir que a misión do INCIDE é contribuír á innovación no eido da actividade física e do deporte mediante unha investigación de excelencia e unha transferencia de resultados potente de forma responsable, multidisciplinar, competitiva e comprometida para impulsar o desenvolvemennto académico e empresarial do entorno. En defintiva, trátase de convertirse nun axente de referencia único e singular, polo noso impacto, contribucións e colaboracións, dentro do ecosistema das Ciencias do Deporte do noso país e internacionalmente.

A Misión do INCIDE concrétase nos seguintes ideas:

Impulsar e desenvolver investigación innovadora e de calidade no ámbito das Ciencias da Actividade Física e o Deporte.

- Promover a xeración de coñecemento na comunidade científica, a partir dos resultados de investigación obtidos e publicados en revistas científicas.
- Realizar a formación de investigadores, en cooperación con outros centros de investigación nacionais e internacionais.
- Desenvolver programas de formación especializada para profesionais das Ciencias do Deporte, contribuíndo á actualización permanente do seu coñecemento e mellora profesional.
- Promover a transferencia dos resultados de investigación, de forma que logren un impacto eficaz sobre a actividade profesional dos Preparadores Físicos, Readaptadores, Directores Deportivos e Profesores de Educación Física, nos ámbitos relacionados coa Actividade Física e Saúde, o Rendemento Deportivo, o Ensino do Deporte, e a Dirección Deportiva

En conclusión, o INCIDE pretende impulsar e desenvolver investigación innovadora e de calidade no ámbito das Ciencias da Actividade Física e o Deporte capaz de transformar a percepción do valor e o recoñecemento do impacto do deporte e a actividade física na sociedade.

5.2. Caracterización do Sector

A continuación, se presenta os datos que definen ao sector deportivo a nivel intenacional, europeo, nacional e galego. A información está tomado do plan estratéxico 2024-2028 do Clúster Industria Deporte Galego e que se pode atopar na seguinte dirección: (chrome-extension://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://industriadeporte.gal/wp-content/uploads/2024/07/ASEMB-PlanEstratexico2428.pdf).

A nivel internacional
Xeración de **$487 billóns** no 2022
Crecemento do mercado de dereitos de emisión e streaming
Aumento do gasto en actividade física
Crecemento continuo e diversificado do sector

A nivel europeo
1**82.000** empresas vinculadas
Xeración de **25 billóns de euros**
Xeración de **1.5 millóns** de empregos
2,12% do PIB da UE

A nivel español
43.549 empresas vinculadas directamente
Xeración de **414.000** empregos
Xeración de **14,5 millóns de euros**
1,30% do PIB de España de forma directa
3,30% do PIB de España considerando a definión de Vilna

A nivel galego
2.657 empresas vinculadas directamente
Máis de **5.000** clubs deportivos
Case **300.000** licenzas deportivas
Xeración de **1,6 millóns de euros**
2,63% do PIB de Galicia de forma directa



5.3. Eixos e Obxectivos Estratéxicos

O **Obxectivo Xeral** do INCIDE é investigar e analizar, de forma multidimensional, as diversas variables implicadas na práctica da actividade física e do deporte, así como no rendemento deportivo, contribuíndo así ao avance científico desta área. O Instituto ten como obxectivo desenvolver liñas de I+D+i e favorecer a transferencia de coñecemento mediante un enfoque interdisciplinar e multidisciplinar. Isto inclúe a investigación sobre a ensinanza da actividade física e do deporte, sobre a motricidade humana, o deporte, a condición física e o adestramento físico-deportivo, o exercicio físico para a saúde e con especial incidencia en poboacións especiais (persoas con patoloxías, persoas maiores, embarazadas, etc.) ou a organización e xestión do deporte, dentro do contexto da actividade física, a educación, o deporte e a saúde.

Este Obxectivo Xeral concrétase concrétase nos seguintes **obxectivos específicos**:

- Impulsar e desenvolver investigación innovadora e de calidade no ámbito das Ciencias da Actividade Física e o Deporte.
- Promover a xeración de coñecemento na comunidade científica, a partir dos resultados de investigación obtidos e publicados en revistas científicas.
- Desenvolver unha formación de investigadores de calidade, en cooperación con outros centros de investigación nacionais e internacionais.
- Desenvolver programas de formación especializada para profesionais das Ciencias do Deporte, contribuíndo á actualización permanente do seu coñecemento e mellora profesional.

- Promover a transferencia dos resultados de investigación, de forma que logren un impacto eficaz sobre a actividade profesional dos Preparadores Físicos y Redaptadores, Directores Deportivos e Profesores de Educación Física, nos ámbitos relacionados coa Actividade Física e Saúde, o Rendemento Deportivo, a Enseñanza do Deporte e a Organización e Xestión do Deporte.

O plan estratéxico do INCIDE articúlase arredor de 7 eixes fundamentais, que serán claves na súa fase inicial de creación. Os 7 eixes estratéxicos son os seguintes:

E1. Crear unha cultura de investigación de excelencia e referente

O INCIDE ten como obxectivo desenvolver unha investigación de alto nivel, de carácter interdisciplinar e recoñecemento internacional, colaborando en redes científicas e proporcionando respostas ás necesidades da sociedade mediante solucións innovadoras.

E2. Alcanzar una masa crítica de investigadres de excelencia

O éxito de INCIDE pasa por alcanzar una masa critica de investigadores de excelencia capaces de xerar coñecemento e de liderar o traballo de outros investigadores. Por iso un dos eixes do INCIDE é implicar a un número importante de investigadores e a partir de ahí contrinuir o desenrolo profesional destes e captar talento de excelencia alleo.

E3. Crecer e manter o output de publicacións

A titulación de Ciencias da Actividade Física do Deporte está incluida dentro do Ranking Shanghai de Facultades e Departamentos de Ciencias do Deporte e que se publica anualmente (https://www.shanghairanking.com/rankings/gras/2023). Este ranking inclúe ás 300 mellores Facultades e Departamentos de Ciencias do Deporte do mundo ordeadas en función dos indicadores de producción científica dos 5 anos previos, usando como fuente a Web of Science. Máis tamén hai recoñecementos individuales. Según o Ranking of the World Scientists: World´s Top 2% Scientists

(https://elsevier.digitalcommonsdata.com/datasets/btchxktzyw), en Pontevedra temos ao investigador máis citado nos últimos anos na área de Ciencias do Deporte en España é

moi ben colocado na clasificación a nivel mundial. Este ranking identifica os investigadores que se atopan dentro do 2% máis citados a nivel mundial, sendo a fonte Scopus. Temos que crecer aínda máis para ser quen de ser recoñecidos internacionalmente e convertirrnos nun referente. As publicacións son seguramnente o indicador máis relevante do bo facer dun organismo universitario de investigación.

E4. Acadar partnerships estratéxicos e colaboraciones

Crecer ten moito que ver con rodearse de talento alleo. É esencial buscar partnerships estratéxicos e colaboracones a nivel galego, nacional e internacional. Trátase de ter una rede que nos faga mellores. O sector público e privado deben ser parte desde proxecto.

E5. Transferir o coñecemento ao sector produtivo

A contribución ao tecido produtivo a través da transferencia de coñecemento será clave para o INCIDE. A colaboración con empresas e institucións permitirá poñer en valor os avances científicos, facilitando a súa aplicación práctica. O INCIDE aspira a converterse nun centro de referencia para a cooperación institucional, impulsando proxectos con empresas tanto no marco de iniciativas europeas como a través de contratos directos. Estas sinerxías non só achegarán valor á investigación, senón que tamén reforzarán o financiamento do Instituto, garantindo a súa sustentabilidade a longo prazo. Ademais, posibilitarán o acceso a recursos especializados, como persoal cualificado, infraestruturas avanzadas e equipos de última xeración, fundamentais para afrontar retos científicos futuros e xerar innovacións disruptivas. A transferencia do coñecemento é un compoñente esencial da actividade investigadora. Sen ela, é difícil que o traballo científico sexa recoñecido e, en consecuencia, que se poida captar novo talento. Ademais, a falta de comunicación dificulta a captación de recursos para manter a investigación en niveis de excelencia. Por iso, os resultados obtidos no INCIDE deben ser difundidos dun xeito accesible tanto para o tecido empresarial como para a sociedade en xeral. A investigación só acada o seu verdadeiro impacto cando é comprendida e valorada pola cidadanía. Así, a divulgación científica e a transferencia tecnolóxica convértense en mecanismos imprescindibles para mellorar a calidade da investigación e garantir que esta responda ás necesidades reais da sociedade.

E6. Crecer en financiación externa

Seguramente é o aspecto no que máis temos que invertir tempo e esforzos. O INCIDE ten que conseguir un financiamento extermno regular e consistente que permita densenrolar os proxectos que estean en marcha e iniciar outros novos. A agrupación estretñexica dos grupos de investigación no INCIDE pode ser un estupendo xeito de avanzar nesta dirección. Hai que pensar no só en convocatorias competitivas autonómicas ou nacionales, maís tamén internacionales. Ése é o obxectivo final.

E7. Potenciaciar e reter o talento científico

Unha das prioridades do INCIDE será atraer e consolidar talento científico de alta cualificación, creando as condicións necesarias para que o Instituto sexa recoñecido como un centro de referencia en investigación e transferencia tecnolóxica. O éxito dun instituto de investigación depende en gran medida da calidade e capacidade do seu persoal investigador e técnico. Por iso, a captación de talento será unha estratexia clave. Non obstante, esta captación deberá complementarse con políticas que favorezan a retención e o desenvolvemento profesional, garantindo que o talento incorporado poida alcanzar o seu máximo potencial dentro do INCIDE.

Obxectivos Estratéxicos

Definidos cada un dos eixes de actuación no momento da creación e posta en marcha do INCIDE e para o cumprimento efectivo da súa misión, agora requirese o establecemento dunha folla de ruta a seguir para avanzar na consecución da súa visión, converterse no centro de investigación de excelencia e transferencia de referencia nacional e internacional nos campos da física e os sistemas aeroespaciais.

Para iso, alineados con cada un dos eixes nos que se sustenta este plan, establécense entón 11 obxectivos estratéxicos (OE) que sinalamos a continuación facendo referencia a cada un dos eixes:

E1. I Crear unha cultura de investigación de excelencia e referente

OE1. Desenrolar ciencia de excelencia multidisciplinar e competitiva.

OE2. Dotar ao INCIDE das infraestruturas física e tecnolóxica necesarias para a súa actividade investigadora.

E2. Alcanzar una masa crítica de investigadres de excelencia

OE3. Incorporar investigadores da Universidade de Vigo e alleos de talento.

E3. Crecer e manter o output de publicacións

OE4. Buscar as sinerxias entre os investigadores e investigadoras para incrementar o número e a calidade das publicaicóns.

OE5. Desenrolar actuacions concretas (cursos de formación, seminarios, conferencias) que melloren o capital humano do INCIDE

E4. Acadar partnerships estratéxicos e colaboraciones

OE6. Impulsar unha estratexia de comunicación e difusión do INCIDE que permite incremenar a súa visibilidade.

OE7. Impulsar a relación co sector profesional e institucional.

E5. Transferir o coñecemento ao sector produtivo

OE8. Desenrolar investigación e actuacións que permitan una conexión real co mundo profesional

E6. Crecer en financiación externa

OE9. Conseguir máis proxectos competitivos e con máis financiamento para mellorar o nivel do INCIDE

E7. Potenciaciar e reter o talento científico

OE10. Dinamizar e favorecer o plan de carreira profesional ds investigadores do Instituto

OE11. Atraer e reter talento excelente

5.4. Valores do INCIDE

Definidos os eixes e obxectivos estratéxicos do INCIDE para a consecución da súa misión desde a súa creación e posta en marcha, o Plan conta cunha serie de valores transversais que estarán presentes en tódalas accións a desenvolver.

Estes valores teñen un papel relevante no INCIDE, xa que definen a identidade do Instituto e, por tanto, terán implicacións en tódalas liñas de actuación.

Así, os valores sobre os que se sustenta o INCIDE son:

- **Internacionalización**: O INCIDE nace con vocación internacional. Para iso, é necesario encamiñar tódalas súas accións a aumentar a internacionalización da súa actividade, estreitando colaboracións cos principais axentes e participando nas diferentes iniciativas a este nivel. O Instituto traballará desde o principio no fortalecemento da súa visibilidade, influencia e reputación internacional ao longo de tódalas actuacións contempladas nos seus eixes estratéxicos.

- **Cooperación e Integración**: O Instituto concíbese como unha estrutura integradora de todos os axentes que desenvolven I+D+i no eido da actividade física e o deporte no entorno, fomentando a interrelación entre eles. Por outra banda, a consecución dos obxectivos do INCIDE pasa pola cooperación tanto interna (entre os seus grupos de investigación) como externa, a través da colaboración con outros grupos e centros afíns que apoien o desenvolvemento das súas actividades. O INCIDE caracterízase pola multidisciplinariedade a través dunha axenda científica axeitada, flexible e diversa, cun equipo investigador pluridisciplinar.

- **Excelencia**: O INCIDE desenvolverá a súa actividade apostando pola excelencia investigadora que fomente as publicacións de alto impacto, que potencie o desenvolvemento de iniciativas de I+D de diferentes disciplinas e que promova o intercambio de formación e de información sectorial.

- **Especialización:** O INCIDE nace cunha definción clara das súas liñas de investigación e da importancia da especialización na definición do seus obxectivos e estratexias. Nun mundo académico e empresarial cada vez maís competitivo, as propostas científico/académicas deben basearse na especialización. Trátase de apostar por aquilo que nos fai más fortes.

- **Responsabilidade Social e Sostibilidade**: Esta liña incorpora a orientación do INCIDE cara á sociedade e inclúe accións alineadas cos principios de investigación e innovación.

Así, o INCIDE, en cumprimento do Plan galego de Investigación e Innovación co Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación, comprometese a:

1. Crear unha contorna de investigación interdisciplinaria que apoie de maneira equitativa e inclusiva a profesorado e estudantado, tendo na transferencia do coñecemento sobre deporte e actividade física un dos seus eixos claves.

2. Servir como viveiro de iniciativas de liderado innovadoras que desafíen as barreiras para a práctica do deporte e da actividade física, ao tempo que adopten a

interseccionalidade como método para reducir desigualdades no acceso e participación.

3. Establecer conexións a través de programas de titoría e liderado que cheguen a estudantado de secundaria e universitario, profesorado, institucións, empresas, organizacións sen fins de lucro e asociacións comunitarias, fomentando o deporte e a actividade física en todos os ámbitos.

4. Procurar a excelencia en tódalas accións que poña en marcha, garantindo a máxima calidade en cada unha delas no ámbito deportivo e da promoción da actividade física.

5. Conformar unha rede de colaboracións que traballe de maneira sólida e permita establecer estratexias de desenvolvemento no deporte e na actividade física, velando polo cumprimento dos principios éticos, de responsabilidade profesional e de boas prácticas.

5.5. Diagnóstico do contexto. Análisis DAFO

Co obxectivo de poder expor o enfoque estratéxico do INCIDE, unha vez realizado o análise do contexto xeral do sector e do Instituto, realizouse unha valoración que se reflicte na seguinte análise DAFO, de maneira que, a partir das fortalezas internas, se poidan supera-las debilidades, aproveitar as oportunidades e controlar as ameazas da contorna.

DEBILIDADES	FORTALEZAS
• Dificultade para captar e reter talento nacional e estranxeiro. • Visibilidade limitada dos grupos de investigación da Universidade. • Escasa visibilidade das capacidades conxuntas para a transferencia de I+D. • Conexión mellorable coas iniciativas institucionais vinculadas ao sector. • Falta de cohesión e de implicación das entidades asociadas. • Dependencia de fontes de financiación extrenas, sobre todo públicas.	**Potencial do equipo promotor:** • Recoñecemento nacional e internacional dalgúns/as investigadores/as. • Alta capacidade de difusión de resultados: elevado número de publicacións JCR indexadas no primeiro cuartil, varias delas en coautoría con investigadores/as estranxeiros/as de recoñecido prestixio. • Capacidade demostrable de transferencia. • Capacidade demostrable de investigación interdisciplinar. • Capacidade de captación de recursos. • Promoción do sector a través de diferentes accións de alto impacto **A Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte no Campus de Pontevedra:** • Como elemento fundamental na formación de talento, recoñecido a nivel nacional. • Proximidade á contorna universitaria, que lle permitirá impulsar a investigación e captar talento. • Aproveitamento de infraestruturas. • Os seus grupos de investigación. • Capacidade de captación de fontes de financiamento, que permitirá asegurar a viabilidade económica e financeira do Instituto.

AMEAZAS	OPORTUNIDADES
• Crecente competencia sectorial que limita a captación de talento nacional e internacional fronte a outros organismos con maior visibilidade e estructuras máis competitivas e atractivas e dificulta a captación de fondos. • Proximidade doutras Facultades de Ciencias do Deporte • Situación de crise económica e social, que repercute no encarecemento dos custes laborales e na inflación • Falta de recoñecemento e investimento no sector por parte das administracións públicas	• Recoñecemento por parte da sociedade da importancia da exercicio físico para a mellora da saúde. • Potencial crecemento e expansión do sector • Aumento da profesionalización do sector • Novos retos para o sector: exercicio físico e saúde, tecnoloxía, innovación, transformación dixital e eficiencia enerxética, entre outros. • Escasa estructura de investigación en el SUG centrada únicamente en este sector • Tendencia creciente do tecido empresarial en Galicia que se manifesta nun aumento da demanda de profesiones relacionadas coa actividade física e o deporte

5.6. Modelo de Gobernanza

A natureza xurídica do INCIDE, como Instituto de Investigación da Universidade de Vigo, estará guiada por principios de bo goberno no que respecta á súa administración e rendición de contas, inspirándose nos principios establecidos pola UE de democracia, igualdade, xustiza e liberdade, comprometéndose coa transparencia institucional e o bo goberno. Tendo en conta estes principios, que se alinean cos valores que rexirán o Instituto, a súa estrutura organizativa basarase en tres piares **fundamentais:**

- **Responsable e accesible:** Asegurando unha organización estable, clara, áxil e efectiva na súa xestión, ao tempo que se garante o cumprimento dos principios de transparencia e rendición de contas.

- **Comprometida:** Coas metas definidas polo INCIDE, aproveitando ao máximo os recursos dispoñibles e traballando para acadar os mellores resultados nas súas actividades.

- **Colaborativa e inclusiva:** Configurando unha estrutura que promova o traballo en equipo e potencie a investigación desde unha perspectiva multidisciplinar.

O INCIDE estará adscrito ao Vicerreitorado de Investigación desta universidade e rexerase pola:

a. Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.
b. Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.
c. Lei 14/2011, de 1 de xuño, de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.
d. Orde do 26 de marzo de 2021, pola que se regula o procedemento de aprobación dos centros e institutos de investigación do sistema universitario de Galicia.
e. Polos Estatutos da Universidade de Vigo e o seu regulamento de Institutos.

5.7. Liñas de Investigación

Unha análise exhaustiva da situación actual é o primeiro e máis importante paso para garantir que a actividade física e o deporte se integren de maneira efectiva na planificación, deseño, seguimento, avaliación e execución de proxectos. Tras esta análise inicial, establecéronse unhas liñas de investigación prioritarias que representan as áreas onde é máis urxente intervir para garantir que a promoción do deporte estea presente na definición de obxectivos, resultados, indicadores e accións destinadas a mellorar a calidade de vida da poboación.

As principais liñas de investigación do INCIDE, sustentadas nas necesidades detectadas actualmente, son as seguintes:

1. Análise do Efecto da Carga de Adestramento e Competición no Sistema Neuromuscular en Deportistas Ben Entrenados ou de Élite.
2. Exercicio físico para adultos maiores.
3. O rendemento deportivo a través da metodoloxía observacional.
4. Avaliación da competencia motriz.
5. Exercicio físico en poboación con discapacidade.
6. Epidemioloxía da actividade física e saúde pública.
7. Emerxencias na actividade física e o deporte, salvamento e socorrismo.

8. Adestramento deportivo en deportes colectivos.
9. Praxis docente Educacón Física e deporte.
10. Análise do Rendememnto en Deportes Colectivos.
11. Economía do deporte: xestión e finanzas

Lonxe de limitarse a unha única liña de estudo, o IINCIDE parte dunha visión ampla do deporte e a actividade física para abarcar múltiples áreas de traballo conectadas entre si. Así, xunto á investigación sobre o acceso ao deporte e a promoción da saúde, tamén se abordarán cuestións como a xestión deportiva, a innovación tecnolóxica aplicada á actividade física, o impacto económico do deporte, ou a súa relevancia en ámbitos como a educación, a rehabilitación e a integración social.

Deste xeito, a idea fundacional do Instituto é que a súa investigación non pode quedar restrinxida a un único enfoque, senón que debe expandirse e analizar de maneira rigorosa os distintos factores que condicionan a práctica deportiva. O compromiso do INCIDE é seguir ampliando as súas liñas de traballo, explorando novas oportunidades para fomentar a actividade física e o deporte como elementos clave para o benestar social e individual.

Liña de Investigación 1.
Análise do Efecto da Carga de Adestramento e Competición en Deportistas de Élite.

Dentro desta liña de investigación abórdase a capacidade predictiva que o sistema neuromuscular ten sobre o rendemento en deportes tradicionalmente denominados bioenergéticos: Triatlón, ciclismo, piragüismo en distancias longas, etc. Para iso deseñáronse test específicos de diferentes manifestacións da forza, así como a avaliación das propiedades contráctiles dos músculos activados no modelo de rendemento mecánico, mediante tensiomiografía e a avaliación da actividade eléctrica muscular mediante EMG, así como a forma de determinar o rendemento do deportista en competición de maneira global. É evidente que aínda se coñece de forma moi limitada a influencia que ten o rendemento do sistema neuromuscular sobre o éxito deportivo nestas disciplinas deportivas, aínda que na última década poiduse evidenciar a súa importancia ao ser capaces de medir de forma fiable e utilizando o propio xesto técnico, algúns parámetros do sistema neuromuscular do deportista.

Tamén abórdase o coñecemento sobre o efecto que diferentes programas de entrenamiento (por exemplo, sobrecarga excéntrica, forza resistencia a cargas baixas, PNF, RSA, etc.) teñen sobre os factores que determinan o rendemento en diferentes disciplinas deportivas (fútbol, balonmán, ciclismo, piragüismo, etc.), ben desenvolvidos de forma concentrada ou concurrente, o que amplía a liña de investigación ao incluir o modelo co que se planifica o mesociclo onde se desenvolven estes programas de entrenamiento. Non cabe dúbida de que definir con rigor e exactitude o contexto no que se consegue un determinado efecto do entrenamiento é imprescindible para poder aplicar e transferir este coñecemento aos preparadores físicos e readaptadores físico-deportivos.

Ademais, aínda que é un obxecto de estudo que comezou de forma tímida nos anos 80 do pasado século, tamén na última década aumentou considerablemente o interese sobre a asimetría e a súa influencia no rendemento deportivo e na prevención de lesións. A asimetría na produción de forza, no tono muscular, no ROM, na actividade eléctrica do músculo durante o esforzo, etc. é moi relevante dentro desta liña de investigación e aplícase novamente a diferentes disciplinas deportivas.

Por último, un dos obxectivos clave desta liña de investigación é a transferencia dos achados aos propios deportistas de alto nivel que compoñen a mostra e aos seus entrenadores. Esta transferencia realízase mediante informes que inclúen os resultados das súas probas, a súa interpretación e suxestións de áreas de mellora de cada deportista, o que resultou ser moi importante para manter a continuidade das mostras ao longo destes anos.

Liña de investigación 2.
Exercicio físico para adultos maiores

A promoción do exercicio físico nos adultos maiores non só é esencial para minimizar os efectos do envellecemento, senón que tamén é unha ferramenta clave para preservar e potenciar a capacidade funcional, a independencia e a calidade de vida. Derivada desta premisa, esta liña de investigación céntrase na identificación, cuantificación e optimización de programas de exercicio físico adaptados ás necesidades individuais dos adultos maiores, buscando unha intervención eficaz e eficiente. Ademais, explora o papel do exercicio físico como intervención preventiva e terapéutica tanto en persoas con patoloxías como en aquelas que buscan manter un envellecemento saudable. Para iso, os temas de interese que abordará a liña serán:

- Avaliación e mellora de programas de exercicio: Estudo de programas existentes para identificar áreas de mellora e optimización de recursos, integrando as novas tecnoloxías.
- Deseño e validación de novas intervencións: Desenvolvemento de programas de terapia física personalizados baseados en evidencia científica.
- Definición de indicadores funcionais no envellecemento: Investigación de biomarcadores e métricas innovadoras para avaliar a capacidade funcional e o progreso do envellecemento.
- Intelixencia Artificial (IA) e Big Data no exercicio físico: Aplicación de IA para personalizar programas de exercicio, analizar datos de rendemento e prever resultados de saúde.
- Avaliación da condición física e funcional: Desenvolvemento de ferramentas máis precisas e accesibles para medir o estado físico e funcional dos adultos maiores.
- Adaptacións creativas para o desenvolvemento das capacidades físicas: Exploración de novas formas de exercicio que integren elementos lúdicos, sociais e tecnolóxicos.

Nun mundo que envellece rapidamente, comprender como o exercicio físico pode transformar a vida dos adultos maiores é fundamental. Esta liña de investigación non só aborda o envellecemento saudable, senón que tamén promove a inclusión, a innovación tecnolóxica e o benestar integral da poboación maior. Esta proposta busca inspirar a investigadores a explorar novas fronteiras no exercicio físico para adultos maiores, cun enfoque fresco, actualizado e centrado na mellora continua da calidade de vida.

Liña de investigación 3.
O rendemento deportivo a través da metodoloxía observacional

Dentro desta liña de investigación analízase o rendemento deportivo mediante a metodoloxía observacional, utilizando ferramentas avanzadas para a identificación de patróns técnico-tácticos, estratexias de xogo e toma de decisións en distintos deportes. A investigación estrutúrase en catro grandes áreas:

Deportes de combate
Nesta área, estúdianse deportes como o xudo, boxeo, esgrima, taekwondo, loita olímpica, etc., Abórdanse temas como:

- A estrutura temporal do combate, prestando especial atención á relación esforzo/pausa.
- Os patróns técnico-tácticos exitosos en diferentes deportes de combate, en distintos niveis e categorías de peso.
- A incidencia da regulación e evolución normativa na táctica e estratexia de combate.
- A optimización do adestramento a partir do análise da temporalidade do combate e a detección de patróns de éxito.

Deportes de raqueta
O análise do rendemento en tenis, pickleball, pádel, etc., céntrase na identificación de patróns de xogo e a optimización de estratexias competitivas. Os principais eixes de investigación inclúen:

- A efectividade dos golpes en función do tipo de servizo e a zona de impacto.
- A influencia da posición na cancha e as estratexias de desprazamento nos intercambios de golpeo.
- A análise da variabilidade táctica en función do tipo de superficie e o nivel competitivo.
- O impacto da fatiga na precisión e velocidade de execución dos golpes.
- A detección de patróns gañadores nos puntos críticos dos partidos.

Deportes colectivos
A análise do rendemento en deportes de equipo permite identificar estratexias colectivas que influíen no éxito competitivo. Investigaranse aspectos como:

- A identificación de patróns ofensivos e defensivos nos deportes colectivos.
- A influencia da estrutura posicional na xeración de oportunidades de gol ou canastra.
- A relación entre o perfil físico-técnico do xogador e a súa contribución ao rendemento do equipo.

Deporte adaptado
A investigación en deporte adaptado céntrase no análise do rendemento en deportistas con discapacidade, con especial atención ao xudo para cegos, ao tenis e á esgrima en cadeira de rodas e outras modalidades adaptadas. Considerararanse os seguintes aspectos:

- A estrutura temporal do combate.
- As estratexias de compensación utilizadas polos deportistas para optimizar o seu rendemento.
- A influencia do tipo e grao de discapacidade na táctica e na estratexia de
- A comparación do rendemento entre deportistas con e sen discapacidade en contextos de alto nivel competitivo.

Liña de Investigación 4.
Avaliación da competencia motriz.

Nesta liña de investigación, estudarase a validez e fiabilidade das diversas ferramentas de análise da competencia motriz, incluíndo tanto aquelas orientadas ao proceso, como o Test of Gross Motor Development-3 (TGMD-3), como as centradas no produto, como o Athletic Skills Track (AST), e as de enfoque mixto, como o Canadian Agility and Movement Skill Assessment (CAMSA). En concreto, analizarase a fiabilidade test-retest, intra-avaliador e inter-avaliador destas ferramentas para proporcionar orientación precisa a investigadores/as e profesionais da educación física sobre o seu uso axeitado en contextos educativos e deportivos.

Ademais, esta liña de investigación tamén se centra na análise da prevalencia das diferentes habilidades motrices na poboación escolar galega, permitindo identificar os ritmos de adquisición destas habilidades ao longo das distintas etapas do desenvolvemento infantil e xuvenil, así como examinar posibles diferenzas en función do xénero. Os resultados destas investigacións poderán ter un impacto directo na adecuación e mellora dos currículos da materia de Educación Física en Educación Primaria e Secundaria, facilitando un deseño pedagóxico máis adaptado ás necesidades reais do alumnado.

Un dos aspectos máis innovadores desta liña de traballo é a súa potencial transferencia de coñecemento a través da aplicación Alfamov, desenvolvida polo grupo de investigación. Esta ferramenta dixital permite unha avaliación eficiente e rigorosa das habilidades motrices básicas, optimizando os procesos de recollida e análise de datos. A súa implementación busca non só mellorar a comprensión e precisión na medición da competencia motriz, senón tamén ofrecer un recurso práctico para docentes e técnicos deportivos, favorecendo o desenvolvemento motor en diversos contextos educativos e promovendo unha educación física baseada en evidencias científicas.

Liña de investigación 5.
Exercicio físico en poboación con discapaicdade

As persoas con discapacidade experimentan un declive funcional que limita a súa capacidade para realizar as tarefas da vida diaria con eficacia e autonomía, o que se traduce nun deterioro na súa calidade de vida e nunha limitación clara nos seus niveis de independencia. Neste contexto, a actividade física é considerada unha estratexia terapéutica non farmacolóxica de gran interese no ámbito da rehabilitación. Nas persoas con discapacidade física, a práctica de actividade física demostrou ser de axuda á hora de ralentizar o deterioro progresivo que se experimenta a nivel funcional como consecuencia de padecer unha patoloxía de carácter crónico-degenerativo. Nas persoas con discapacidade intelectual, a actividade física é actualmente proposta como unha vía de actuación para combater o sedentarismo especialmente prevalente nesta poboación, así como para reducir o risco de desenvolver comorbilidade asociada á mesma, que finalmente conleva envellecemento prematuro, menor calidade de vida e deterioro funcional, así como unha maior dependencia económica e social do sistema socio-sanitario.
Baixo este contexto, esta liña de actuación ten como obxectivo o desenvolver traballos de investigación enfocados a determinar guías básicas para prescribir actividade física en persoas con discapacidade física ou intelectual. En concreto, preténdese desenvolver intervencións baseadas en programas de adestramento combinando distintos parámetros (tipo de exercicio, frecuencia, intensidade, etc.) e determinar os seus efectos a nivel cognitivo e funcional na poboación obxecto de estudo.

Obxectivos específicos:

- Identificar propiedades psicométricas de test de campo para valorar a condición física e a capacidade funcional en persoas con discapacidade.
- Determinar os efectos de distintas intervencións de exercicio físico na capacidade funcional, autonomía, condición física e calidade de vida en persoas con discapacidade.
- Concretar pautas de actuación de cara a prescribir exercicio físico en persoas con discapacidade de maneira factible e segura.

Liña de investigación 6.
Epidemioloxía da actividade física e saúde pública

A actividade física é un factor determinante na prevención de enfermidades crónicas e na promoción da lonxevidade, mentres que o sedentarismo se asocia cun maior risco de morbilidade e mortalidade prematura. Sen embargo, a pesar da sólida evidencia epidemiolóxica, persisten desafíos metodolóxicos que dificultan a comprensión precisa destas asociacións. A maioría dos estudos dispoñibles son observacionais e dependen de datos autoinformados, os cales poden introducir sesgos e erros de medición, especialmente ao avaliar actividades de baixa intensidade ou de curta duración. Ademais, a relación dose-resposta entre actividade física, sedentarismo e saúde segue sen estar completamente caracterizada, o que impide establecer limiares óptimos para a promoción da actividade física a nivel poboacional.

Para abordar estas limitacións, esta liña de investigación emprega un enfoque baseado en medicións obxectivas mediante acelerómetros e outros dispositivos de monitorización de actividade, así como o análise de rexistros de saúde poboacionais e a aplicación de métodos avanzados de inferencia causal. Este enfoque permite avaliar con maior precisión como a actividade física e o sedentarismo inflúen en distintos grupos de poboación ao longo do ciclo de vida, identificar factores que poidan modificar estas asociacións e desenvolver estratexias de intervención efectivas para aumentar os niveis de actividade física en poboacións con maior risco de inactividade. Ademais, búscase determinar o impacto de pequenos cambios na actividade física e na redución do tempo sedentario, explorando o seu efecto na prevención de enfermidades e na mellora da calidade de vida.

Obxectivos específicos:

- Cuantificar o impacto da actividade física e o sedentarismo na saúde e na lonxevidade, evaluando a súa relación coa mortalidade e a incidencia de enfermidades crónicas.
- Explorar a relación entre actividade física, sedentarismo e enfermidades mentais e neurodexenerativas, como a depresión e a demencia.
- Analizar o papel de factores modificadores como idade, sexo e nivel socioeconómico nestas asociacións.
- Avaliar intervencións para aumentar a actividade física en poboacións inactivas, incluíndo a efectividade de episodios curtos pero intensos de movemento.

Este enfoque permitirá xerar evidencia sólida para a formulación de políticas de saúde pública e estratexias de prevención, facilitando a implementación de recomendacións baseadas en datos obxectivos e precisos.

Liña de investigación 7.
Emerxencias na actividade física e o deporte, salvamento e socorrismo.

Dentro desta liña multidisciplinar, estudarase a mellora dos protocolos de emerxencias acontecidas na práctica do deporte, así como a investigación de técnicas e forma de ensinar a seguridade na contorna deportiva e educativa, con especial interés nos incidentes relacionados coa agua.
Serán temas de interese a formación en primeiros auxilios, especialmente na reanimación cardiopulmonar e o uso do desfibrilador externo automático/semi-automático no ámbito do deporte e a educación física.

Con respecto as emerxencias no ámbito deportivo, analizaranse:
• a incidencia da parada cardíaca e situación vitáis de urxencia na práctica deportiva;
• o efecto da simulación clínica in-situ para a mellora de habilidades na atención da parada cardíaca pre hospitalaria no ámbito do deporte por parte das testemuñas;

Con respecto ao salvamento e socorrismo, analizaranse:
• a incidencia do afogamento por franxas etarias, localizacións e temporalidade;
• o efecto do cambio climático sobre a incidencia do afogamento;
• a educación da poboación para previr afogamentos e outros incidentes acuáticos.
• as condicións de risco para deportes e deportistas que desenvolven a súa actividade no medio acuático.

Con respecto as capacidades condicionáis e técnicas dos rescatadores:
• os factores predictivos do rendemento nos rescatistas;
• os materiais de rescate;
• as eficiencia técnica no rescate.

No ámbito dos primeiros auxilios, cabe reseñar que a área curricular que asume a formación en primeiros auxilios e a Educación Física dende a Educación Primaria ata o Bacherelato, desenvolvidos no Reales Decretos 157/2022, 217/2022 e 243/2022. Sen embarto, existen un valeiro de coñecemento sobre metodoloxías, características físicas ou tipos de materiais máis apropiados para estos contidos. Polo que se prestará especial atención a investigación de:
• metodoloxías de ensinanza da reanimación cardiopulmonar na escola e outras emerxencias no ámbito da educación física.

Liña de investigación 8.
Adestramento deportivo en deportes colectivos.

Nesta liña de investigación, analizaranse os efectos de distintas metodoloxías de adestramento condicional en deportes colectivos, como o fútbol, baloncesto, balonmán ou fútbol sala, entre outros. O obxectivo principal é avaliar o impacto de diferentes enfoques de programación e metodoloxías de adestramento na preparación física dos deportistas, optimizando o rendemento e a adaptación aos requirimentos competitivos.
Entre as principais áreas de estudo desta liña destacan:

• A análise dos efectos da programación do microciclo semanal, avaliando a influencia dos diferentes contidos condicionais na aparición da fatiga e na capacidade de recuperación dos xogadores, así como na súa preparación óptima para a competición.

• O estudo dos principais métodos de adestramento condicional, incluíndo protocolos como o Repeated Sprint Training (RST), o High-Intensity Interval Training (HIIT) e o Sprint Interval Training (SIT), entre outros. Estes métodos serán analizados en función da súa eficacia para mellorar parámetros como a resistencia específica, a velocidade, a potencia ou a capacidade de recuperación dos deportistas.

Para garantir a obtención de resultados rigorosos e aplicables á práctica deportiva, esta liña de investigación baséase en ensaios aleatorizados controlados como os principais deseños experimentais. Mediante esta aproximación metodolóxica, búscase mellorar a comprensión dos efectos das diferentes estratexias de adestramento sobre o rendemento físico e fisiolóxico dos xogadores, contribuíndo á optimización dos procesos de planificación e periodización en deportes colectivos.

Liña de investigación 9.
Praxis docente Educacón Física e deporte.

Dentro desta liña estudarase o que facer na interacción con diferentes grupos de acción dos profesionais da Educacion Física e do Deporte no seu rol docente e/ou directivo de grupos. Serán temas de interese e seguimento as seguintes temáticas:

1. Interacción docente-estudante na Educación Física e no deporte
• Estratexias de comunicación efectiva para motivar ás persoas
• Clima social e afectivo no traballo con grupos de persoas
• Influencia do feedback docente na participación e no rendemento.

2. Metodoloxías didácticas en educación física
• Aprendizaxe baseada no xogo e o seu impacto no desenvolvemento motor e cognitivo.
• Gamificación na educación física: estratexias e resultados.
• Aprendizaxe cooperativa no ensino de deportes e habilidades motrices.
• Uso da tecnoloxía no ensino da educación física (apps, wearables, VR, etc.).
• Metodoloxía STEAM aplicada á educación física.

3. Autoavaliación e desenvolvemento profesional do docente
• Reflexión docente e mellora da práctica pedagóxica nos diferentes grupos.
• Estratexias de autoavaliación para mellorar o ensino e a aprendizaxe.
• Formación continua e actualización docente no ámbito do deporte e da actividade física.

Liña de investigación 10.
Análise do Rendemento en Deportes de Equipo.

A análise do rendemento é cada vez un concepto máis amplo que abrangue máis áreas de investigación. As principais áreas de investigación son as seguintes:

• Momentos críticos e perturbacións. Debido aos límites temporais que o regulamento impón nos deportes de equipo, certos eventos ou unidades de competición teñen un efecto determinante no resultado final dos partidos. A estes momentos que contribúen máis decisivamente que outros ás vitorias ou derrotas dos equipos denomínaselles momentos críticos. Baséanse nas teorías de choking under pressure ou game criticality.

• A análise da conduta do adestrador. Consiste en determinar cal é o perfil dos adestradores tanto no adestramento como na competición: que intervencións son as máis habituais e cales as menos, de que maneira incrementan ou reducen a activación dos xogadores, que tipo de reforzos realizan, etc.

• Indicadores de rendemento no deporte. Esta liña de análise aborda que indicadores do rendemento permiten explicar mellor o rendemento dos equipos nun partido ou nun episodio do mesmo e que aspectos do xogo diferencian os gañadores dos perdedores.

• A análise da incidencia lesional e da carga física. Debido ao incremento no número de partidos que se disputan anualmente nos deportes de equipo de alto nivel, a recuperación entre esforzos e a prevención de lesións, sobre todo en períodos sobrecargados de encontros, converteuse nunha liña de investigación moi importante. Trátase de desenvolver estudos que permitan rexistrar as distancias, intensidades ou velocidades realizadas polos deportistas en cada disciplina, así como identificar os momentos ou zonas onde se producen en maior medida as lesións.

• Análise do tipo de desprazamento. Consiste no desenvolvemento de estudos que expliquen os perfís de actividade e de movementos realizados en cada disciplina co obxectivo de reducir o risco de lesión, así como de desenvolver adestramentos cada vez máis específicos e similares ás demandas de cada deporte.

• Fiabilidade dos métodos de rexistro. Unha das preocupacións máis importantes de calquera investigador que realiza calquera tipo de análise do rendemento é determinar a fiabilidade e validez dos instrumentos e rexistros utilizados. Trátase de reducir a subxectividade asociada ao método empregado e garantir que os datos rexistrados sexan realmente útiles.

• Análise da técnica. Trátase de estudar e analizar os movementos ou aquelas habilidades que son importantes en cada especialidade deportiva: como se manifestan e en que condicións. Inténtase medir a súa efectividade desde un punto de vista máis global (situación de competición) e non tanto analítico (laboratorio).

• Análise da táctica. Consiste en determinar que aspectos máis relevantes do propio xogo e do equipo rival poden estar asociados a unha maior probabilidade de conseguir unha vitoria ou de anotar un gol ou punto.

• Perfís de rendemento. Existen valores de referencia aos que achegarse ou dos que afastarse para incrementar ou reducir a probabilidade de gañar ou perder Normalmente utilízanse como medio de representación visual e gráfica do rendemento comparado de deportistas ou equipos en contextos de xogo diferentes.

• Efectividade no uso da análise do rendemento. Ademais de desenvolver calquera das liñas de investigación presentadas ata o momento, é necesario validar a utilidade e o impacto que teñen os seus resultados para incrementar o rendemento dos xogadores e equipos. Para iso, cómpre controlar o impacto real destas análises do rendemento no xogo ou no adestramento.

• Análise dos árbitros. Trátase tanto de mellorar o rendemento dos árbitros en competición (prestación física, redución do número de erros, mellora do seu desempeño técnico), como de desenvolver sistemas de adestramento cada vez máis específicos que permitan unha preparación acorde coas demandas do xogo. Ademais, estudouse moito o sesgo arbitral á hora de tomar decisións na competición dependendo do nivel dos equipos, do marcador, do tempo restante para finalizar o partido ou da presión ambiental.

Liña de investigación 11.
Economía do deporte: xestión e finanzas

As interrelacións entre economía e deporte son cada vez máis habituais e estreitas. Por un lado, o deporte abre á economía novos e rendibles mercados en actividades tales como a medicina deportiva, o desenvolvemento de servizos deportivos, os espectáculos deportivos, o patrocinio deportivo, as emisións televisivas ou a prensa deportiva. En sentido contrario, tamén hai que mencionar que a economía dota ao deporte dunha estrutura de pensamento diferente para adoptar as súas decisións e avaliar as consecuencias destas.

Esta situación leva á necesidade de cuantificar e avaliar a repercusión que a actividade física e o deporte teñen sobre a sociedade, tanto nos beneficios sobre diferentes ámbitos (saúde, integración social, etc.) como no aforro e xeración de fluxos económicos positivos para o crecemento e desenvolvemento socioeconómico.

En función disto, os temas de interese que se pretenden abordar nesta liña son os seguintes:

- Recoñecer (e cuantificar) o aforro público e privado que pode xerar o aumento da práctica deportiva e da actividade física.
- Incentivar a coordinación entre as medidas deportivas e o seu aspecto económico.
- Promover o deporte e a actividade física como fonte de creación de emprego e de proxectos de emprendemento.
- Considerar o impacto e repercusión económica que ten o deporte sobre o desenvolvemento local.
- Definición de liñas estratéxicas de acción global que consideran os distintos compoñentes da vertente económica do deporte.

A vertente económica do deporte amósase como un desafío por abordar en múltiples sentidos dende o eido da xestión deportiva e as súas finanzas. O seu tratamento e análise van dende o meramente académico e investigador ata o correspondente ás autoridades públicas de calquera das administracións con responsabilidade nesta materia.

Cando se fala da vertente económica estase a facer é referencia ao feito de que a actividade económica que xera é digna de consideración. En definitiva, pódese afirmar que o sector do deporte contribúe ao crecemento económico e á redución do desemprego dun territorio o que xustifica a adopción de programas de fomento e difusión dende un punto de vista non só social e comunitario senón tamén económico. Por iso é necesario traballar no desenvolvemento de políticas integradoras que permitan a sostenibilidade no deporte, a eficiencia nos orzamentos, o desenvolvemento económico e o aforro (tanto público coma privado).

5.8. Plan de Acción

A continuación, especifícanse e descríbense as accións propostas para cada un dos eixes e estableceranse indicadores para realizar o seguimento do grao de cumprimento dos obxectivos fixados para cada un deles:

- **E1.** Crear una cultura de investigación de excelencia e referente.
- **E2.** Alcanzar una masa crítica de investigadores de excelencia.
- **E3.** Crecer e manter o output de publicacións.
- **E4**. Acadar partnerships estratéxicos e colaboracións.
- **E5**. Transferir o coñecemento ao sector productivo.
- **E6.** Crecer en financiamento externo.
- **E7.** Potenciar e reter o talento científico

EJE	OBJETIVO ESTRATEGICO	PLAN DE ACCIONES
E1. CREAR UNHA CULTURA DE INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA E REFERENTE	**OE1. Desenrolar ciencia de excelencia multidisciplinar e competitiva.**	1. Impulso da rede de colaboracións nacionales e internacionales e impulso de proxectos de I+D
		2. Impulso de proxectos de I+D de carácter competitivo.
		3. Fomento de tesis de investigación de impacto
		4. Movilidade internacional de investigadores/as
		5.Atraer a investigadores alleos para estadias de investigación breves ou vinculaciñons estables ao longo do tempo
		6.Fomentar una cultura do esforzo baseada na autoesixencia
	OE2. Dotar ao INCIDE das infraestruturas física e tecnolóxica necesarias para a súa actividade investigadora.	7. Plan de reforzo de infraestruturas físicas e equipamento tecnolóxico do INCIDE
E.2. ALCANZAR UNA MASA CRÍTICA DE INVESTIGADORES DE EXCELENCIA	**OE3. Incorporar investigadores da Universidade de Vigo e alleos de talento**	8. Propoñer proxectos de investigación atractivos que incluán a investigadres alleos
		9.Promoción e visibilidade do INCIDE

EJE	OBJETIVO ESTRATEGICO	PLAN DE ACCIONES
E3. CRECER E MANTER O OUTPUT DE PUBLICACIÓNS	**OE4. Buscar as sinerxias entre os investigadores para incrementar o número e a calidade das publicacións**	10.Identificar as temáticas máis actuales de investigación
		11. Buscar espazos comúns para a interacción entre os investigadores
		12. Relacionar as publicaicons cos proxectos de investigación
	OE5. Desenrolar actuacións concretas que melloren o capital humano do INCIDE	13. Organización de seminarios, conferencias e cursos para mellora-la a capacitación dos investigadores
E.4. ACADAR PARTNERSHIPS ESTRATÉXICOS E COLABORACIÓNS	**OE6. Impulsar una estratexia de comunicación e difusión do INCIDE que permita incrementar a súa visibilidade**	14. Estratexia de comunicación e difusión do INCIDE
		15 .Plan de divulgación e difusión
	OE7. Impulsar a relación co sector profesional e institucional	16. Plan para o impulso de proxectos conxuntos INCIDE – empresas e administración para o desenrolo de proxectos de I+D aplicados.
		17.Carteira de servizos cientificos

EJE	OBJETIVO ESTRATEGICO	PLAN DE ACCIONES
E5.TRANSFERIR O COÑECEMENTO AO SECTOR PRODUCTIVO	**OE8. Conseguir máis proxectos competitivos e con máis financiamento**	18. Plan de desenrolo da carrera investigadora. Estratexia de promoción e progresión na traxectoria investigadora.
		19. Programas de mentoría e apoio para a consolidación da carreira científica.
		20. Incentivos e recoñecemento ao labor investigador para fomentar a excelencia.
E6. CRECER EN FINANCIACIÓN EXTERNA	**OE 9. Conseguir máis proxectos competitivos e con maís financiamento**	21. Buscar proxectos estratéxicos que mostren as fortalezas do INCIDE
		22. Estudar e preparar proxectos dirixidos a convocatorias específicas

EJE	OBJETIVO ESTRATEGICO	PLAN DE ACCIONES
E7. POTENCIAR E RETER O TALENTO CIENTÍFICO	**OE10. Dinamizar e favorecer o plan de carreira profesional ds investigadores do INCIDE**	23. Plan de desenrolo da carrera investigadora
		24. Estratexia de promoción e progresión na traxectoria investigadora.
		25. Programas de mentoría e apoio para a consolidación da carreira científica.
		26. Incentivos e recoñecemento ao labor investigador para fomentar a excelencia.
	OE11. Atraer e reter talento excelente	27. Impulso da incorporación de investigadores posdoctorales y predoctorales
		28. Plan de acollida e integración para os novos investigadores contratados.
		29. Proceso de integración de los nuevos investigadores contratados

Universidade Vigo

6. Xestión do Plan Estratéxico.

6.1. Cronograma

EIXO	PLAN DE ACCIÓNS	CRONOGRAMA															
		2026				2027				2028				2029			
		1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T
E1. CREAR UNHA CULTURA DE INVESTIGACIÓN DE EXCLENCIA E REFERENTE	1. Impulso da rede de colaboracións nacionales e internacionales e impulso de proxectos de I+D																
	2. Impulso de proxectos de I+D de carácter competitivo.																
	3. Fomento de tesis de investigación de impacto																
	4. Movilidade internacional de investigadores/as																
	5.Atraer a investigadores alleos para estadias de investigación breves ou vinculacións estables ao longo do tempo																
	6.Fomentar una cultura do esforzó baseada na autoesixencia																
	7. Plan de reforzo de infraestruturas físicas e equipamento tecnolóxico do IID																
E2. ALCANZAR UNHA MASA CRÍTICA DE INVESTIGADORES DE EXCELENCIA	8. Propoñer proxectos de investigación atractivos que incluán a investigadres alleos																
	9.Promoción e visibilidade do IID																
E3. CRECER E MANTER O OUTPUT DE PUBLICACIÓNS	10. Identificar as temáticas máis actuales de investigación																
	11. Buscar espazos comúns para a interacción entre os investigadores																
	12. Relacionar as publicaicons cos proxectos de investigación																
	13. Organización de seminarios, conferencias e cursos para mellora-la a capacitación dos investigadores																

EIXO	PLAN DE ACCIÓNS	CRONOGRAMA															
		2026				2027				2028				2029			
		1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T
E4. ACADAR PARTNERSHIPS EXTRATÉXICOS E COLABORACIÓNS	14. Estratexia de comunicación e difusión do IID																
	15. Plan de divulgación e difusión																
	16. Plan para o impulso de proxectos conxuntos IID – empresas e administración para o desenrolo de proxectos de I+D aplicados.																
	17. Carteira de servizos cientificos																
E5. TRANSFERIR O COÑECEMEMTO AO SECTOR PRODUCTIVO	18. Plan de desenrolo da carrera investigadora. Estratexia de promoción e progresión na traxectoria investigadora.																
	19. Programas de mentoría e apoio para a consolidación da carreira científica.																
	20. Incentivos e recoñecemento ao labor investigador para fomentar a excelencia																
E6. CRECER EN FINANCIACIÓN EXTERNA	21. Buscar proxectos estratéxicos que mostren as fortalezas do IID																
	22. Estudar e preparar proxectos dirixidos a concocatorias específicas																
E7. POTNCIAR E RETER O TALENTO CIENTÍFICO	23. Plan de desenrolo da carrera investigadora																
	24. Estratexia de promoción e progresión na traxectoria investigadora.																
	25. Programas de mentoría e apoio para a consolidación da carreira científica.																
	26. Incentivos e recoñecemento ao labor investigador para fomentar a excelencia.																
	27. Impulso da incorporación de investigadores posdoctorales y predoctorales.																
	28. Plan de acollida e integración para os novos investigadores contratados.																
	29. Proceso de integración de los nuevos investigadores contratados																

6.2. Indicadores

Finalizado o ano da posta en marcha do INCIDE e de forma anual, levarase a cabo unha análise do cumprimento dos obxectivos establecidos no presente Plan Estratéxico para:

- Coñecer se se están conseguindo os fins dos programas e os obxectivos estratéxicos dos eixos.
- Saber de que modo e onde se realiza un maior esforzo e se obteñen mellores resultados nas accións definidas no plan.
- Concretar as medidas de corrección necesarias na formulación e na implementación do Plan Estratéxico no caso de identificar desviacións dos obxectivos inicialmente establecidos.

O Director do INCIDE será o encargado de realizar este seguimento anual do desenvolvemento e implantación do Plan Estratéxico. Tomando como base os indicadores establecidos, o Director do INCIDE avaliará o grao de consecución dos obxectivos elaborando para iso un informe de seguimento, no que se incorporarán propostas de posibles solucións para aquelas desviacións identificadas no plan inicial.

Tanto os resultados, o informe de avaliación como a proposta de axuste de novas accións, posibles actualizacións de obxectivos ou indicadores serán presentados ao Consello Reitor, que será o responsable da súa avaliación e aprobación ou non desas correccións.

A continuación, indícanse os indicadores a ter en conta cunha previsión de valores para os anos 2026-2029:

Universidade Vigo

E1. CREAR UNHA CULTURA DE INVESTIGACIÓN DE EXCELENCIA E REFERENTE	2026	2027	2028	2029
1. Porcentaxe de mulleres nos órganos de goberno.	10%	15%	15%	20%
2. Informes do Comité Interno de Dirección.	1	1	1	1
2. Nº de persoas da unidade de apoio.	1	1	1	2
4. Nº de xestores de investigación ou similar.	0	1	1	2
5. Existencia dun plan de igualdade.	1	1	1	1
6. Existencia dun plan de acción de mellora da calidade.	1	1	1	
7. Número de visitas á páxina web.	2.000	5.000	6.000	8.000
E2. ALCANZAR UNHA MASA CRÍTICA DE INVESTIGADORES DE EXCELENCIA	**2026**	**2027**	**2028**	**2029**
8. Nº total de investigadores con vinculación permanente.	12	25	35	40
9. Nº de IPs activos no grupo.	6	7	7	7
10. Nº de mulleres IP no grupo.	0	1	1	1
11. Nº de investigadores postdoctorales.	2	3	4	5
E3. CRECER E MANTER O OUTPUT DE PUBLICAIÓNS	**2026**	**2027**	**2028**	**2029**
12. Nº de publicacións en revistas SCOPUS ou Web of Science.	50	60	70	75
13. Nº de libros, monografías e capítulos de libros.	2	2	3	3
14. Nº de traballos presentados en Congresos/conferencias de prestixio	5	7	9	10
15. Colaboracións con centros e institutos estatales	3	4	5	5
16. Colaboracións con centros e institutos extranjeros.	1	2	3	4
17. Edición/revisión de publicaciones internacionales	10	12	15	18
18. Participación en comités/órganos de dirección de institución científicas.	1	2	3	3
E4. ACADAR PARTNERSHIPS ESTRATÉXICOS E COLABORACIÓNS	**2026**	**2027**	**2028**	**2029**
19. Reunións/visitas de potenciales partnerships e colaboradores.	3	4	5	6
E5. TRANSFERIR O COÑECEMENTO AO SECTOR PRODUCTIVO	**2026**	**2027**	**2028**	**2029**
20. Nº de contratos e convenios de investigación con empresas.	1	2	3	4
21. Nº de contratos ou convenios de investigación con outros axentes (administración pública, etc)	0	1	1	2
22. Nº entidades publicas e privadas con quen se asinou convenios ou contratos	1	2	2	3
23. Recursos captados con entidades públicas ou privadas a través de convenios o contratos (¤)	0	10.000,00 €	10.000,00 €	15.000,00 €
24. Nº actividades de divulgación á sociedade.	2	4	4	5
25. Nº de publicaciones en revistas de carácter divulgativo, docente ou asimilables.	3	3	4	4
26. Nº de congresos/seminarios/cursos/simposios de difusión de resultados organizados.	1	1	2	2
27. Nº de mencións en medios a actividades del instituto.	8	10	15	20
E6. CRECER EN FINANCIAMENTO EXTERNO	**2026**	**2027**	**2028**	**2029**

28. Nº de proxectos en convocatorias competitivas autonómicas.	1	2	2	2
29. Nº de proxectos en convocatorias competitivas estatales.	3	3	4	4
30. Nº de proxectos en convocatorias competitivas internacionales.	0	1	2	2
31. Fondos captados en convocatorias competitivas.	25.000,00 €	40.000,00 €	50.000,00 €	75.000,00 €
E7. POTENCIAR E RETER O TALENTO CIENTÍFICO	**2026**	**2027**	**2028**	**2029**
32. Nº de tesis doctorales que se están dirixindo.	10	12	14	16
33. Nº de tesis doctorales defendidas.	3	5	7	9
34. Nº de trabajos de fin de máster dirixidos	10	12	15	20
35. Nº de investigadores visitantes.	1	2	4	4
36. Nº de técnicos de apoio (informático, laboratorio).	2	2	3	3
37. Docencia en programas de doutoramento e outras actividades formativas.	4	6	8	10
38. Estancias de investigación en outros centros.	2	3	4	5

7. Plan de Viabilidade

Este Plan de viabilidade inclúe diversas consideracións relevantes:

- O INCIDE é un centro de investigación da Universidade de Vigo, xurdido no seo da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra. Os seus impulsores e persoal científico manteñen unha vinculación permanente coa Universidade, o que implica que tanto o equipo investigador como o administrativo xa contan con financiamento dentro das distintas categorías institucionais. A incorporación de novo persoal investigador dependerá da dispoñibilidade de convocatorias competitivas e de acordos con outras entidades.
- No que respecta aos postos directivos de gobernanza, como a Dirección do INCIDE, a Secretaría e o Comité Interno de Dirección, serán asumidos por investigadores PDI da Universidade de Vigo. Para isto, será necesaria unha redución parcial da súa carga docente, favorecendo así unha maior dedicación á investigación. Esta medida quedará recollida no convenio regulador do Instituto.
- A posta en marcha do INCIDE non implicará investimentos en infraestruturas nin en equipamento, xa que os recursos necesarios serán proporcionados polos grupos de investigación dos propios impulsores do proxecto.
- A nivel financeiro, os ingresos principais do INCIDE derivarán de proxectos e programas competitivos, subvencións, así como de contratos e convenios con empresas. Estes fondos servirán para cubrir parte das necesidades do Instituto, incluíndo a contratación de novo persoal investigador e os gastos asociados a viaxes e actividades recollidas no plan estratéxico para fomentar o talento dentro do centro.
- A creación do INCIDE representa un reforzo para a aposta investigadora da Universidade de Vigo, facilitando así o acceso a fondos adicionais a través do Plan de financiamento universitario 2022-2026 da Xunta de Galicia. Esta achega económica estará condicionada ao cumprimento dos obxectivos definidos nos indicadores do plan estratéxico.

Baixo estas premisas e considerando os indicadores de seguimento do plan expostos no apartado anterior, elabórase unha estimación da captación de recursos, do persoal do centro e da produción científica vinculada.

7.1. Captación de recursos

Ao longo do plan de acción establecido para o INCIDE, determínanse varias actuacións para impulsar a participación en proxectos de I+D+i de carácter competitivo (autonómico, nacional e internacional), así como o establecemento de alianzas de cooperación con empresas tractoras dos sectores tecnolóxico, aeronáutico e aeroespacial, que permitan a captación de recursos económicos para o Instituto e, por tanto, aseguren a súa viabilidade económica. Entre outras, preséntanse novamente varias fontes de financiamento potenciais a curto prazo:

1. Programas Internacionais

A nivel internacional, a presente solicitude enmárcase dentro do programa europeo Horizonte Europa 2030, Programa para a Investigación e a Innovación na Unión Europea (2021-2027), que se estrutura en tres grandes piares:

- Ciencia Excelente
- Desafíos Globais e Competitividade Industrial Europea
- Europa Innovadora

A través deste novo programa marco, preténdese dar unha resposta directa ás prioridades políticas e aos retos identificados, entre os que se inclúe a saúde e o envellecemento, concretamente no reto 1: Saúde, cambio demográfico e benestar. Poderanse explorar tres oportunidades para acadar este obxectivo: i) Accións do Centro Común de Investigación (JRC, en inglés). Ii) Accións do Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT). Iii) Accións transversais "Difundindo a excelencia e ampliando a participación" e "Ciencia con e para a sociedade".
É nesta terceira liña onde se integra a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, xa que permitirá que os beneficios de Horizonte Europa cheguen a todos os países da Unión e teñan un impacto positivo na sociedade.

Por outra banda, outra das convocatorias de interese para o Instituto de Investigación é o Programa Interreg España-Portugal (POCTEP), que se enmarca nas seguintes prioridades:

- OP1: "Unha Europa máis intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente".
- OP2: "Unha Europa máis verde e baixa en carbono, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, a inversión verde e azul, a economía circular, a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos".
- OP4: "Unha Europa máis social e inclusiva, mediante a aplicación do Pilar Europeo de Dereitos Sociais".
- OP5: "Unha Europa máis próxima á súa cidadanía, fomentando o desenvolvemento integrado e sustentable das zonas urbanas, rurais e costeiras, así como as iniciativas locais".

Por último, outro dos programas nos que o Instituto pode encadrarse perfectamente é o Programa Erasmus+. Erasmus+ é o programa da UE nos ámbitos da educación, a formación, a mocidade e o deporte para o período 2021-2027. O seu obxectivo xeral é apoiar, a través da aprendizaxe permanente, o desenvolvemento educativo, profesional e persoal das persoas nestes ámbitos, tanto dentro de Europa como fóra dela. Deste xeito, contribúe ao crecemento sustentable, ao emprego de calidade e á cohesión social, ademais de impulsar a innovación e fortalecer a identidade europea e a cidadanía activa. As prioridades deste programa son:

- Inclusión e diversidade
- Transformación dixital

- Medio ambiente e loita contra o cambio climático
- Participación na vida democrática

2. Programas Nacionais

Atendendo á Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (2021-2027) e á súa aliñación coa Axenda 2030 da Unión Europea, resulta evidente que a labor do INCIDE queda integrada neste novo plan estratéxico. Debido á multidisciplinariedade da nosa área, o desenvolvemento da investigación en ciencias do deporte podería situarse en calquera das seis liñas de actuación do plan, destacando especialmente: Saúde, Cultura, Creatividade e Sociedade Inclusiva

Desde esta perspectiva, cómpre considerar que a investigación científica e técnica aplicada á saúde e á inclusión social mellorará a competitividade de España a nivel internacional. A investigación en saúde pública, os servizos de saúde, a aplicación de tratamentos baseados no exercicio físico e a introdución de innovacións no ámbito da saúde contribuirán a unha mellor xestión dos recursos e á sustentabilidade financeira do sistema sanitario.

Ademais, o Instituto pode encadrarse nos programas do Instituto de Saúde Carlos III, destacando as seguintes convocatorias dentro da Acción Estratéxica en Saúde:

- Programa Estatal de promoción do talento e a súa empregabilidade
- Programa Estatal de Xeración do Coñecemento e Fortalecemento do Sistema I+D+i
- Investigación Clínica Independente
- Plataformas ISCIII de apoio á I+D+i en Biomedicina e Ciencias da Saúde
- Infraestrutura de Medicina de Precisión asociada á Ciencia e Tecnoloxía (IMPaCT)

O proxecto do INCIDE tamén responde aos obxectivos do Plan Integral para a Actividade Física e o Deporte do Consello Superior de Deportes, promovendo:

- A investigación sobre actividade física e saúde
- A adaptación da actividade física para persoas con discapacidade
- O fomento da actividade física en persoas maiores
- A promoción de hábitos de vida activos a través de metodoloxías innovadoras

Dentro das convocatorias do Consello Superior de Deportes, destaca especialmente a das Axudas para Redes de Investigación en Ciencias do Deporte, que busca fortalecer a cooperación entre grupos de investigación e favorecer a planificación estratéxica en ciencia e tecnoloxía aplicada ao deporte. Actualmente, unha alta porcentaxe dos membros do Instituto participa en redes financiadas en convocatorias anteriores.

3. Programas Rexionais

A nivel rexional, as convocatorias da Xunta de Galicia serán un piar esencial para o financiamento do INCIDE.

A continuación, preséntanse os obxectivos definidos.

E1. INVESTIGACIÓN EXCELENTE Y RECONOCIDA	2026	2027	2028	2029
Nº de proxectos en convocatorias competitivas autonómicas.	1	2	2	2
Nº de proxectos en convocatorias competitivas estatales.	1	1	2	3
Nº de proxectos en convocatorias competitivas internacionales.	0	0	1	1
Fondos captados en convocatorias competitivas	**25.000,00 €**	**40.000,00 €**	**50.000,00 €**	**75.000,00 €**

E5. TRANSFERIR O COÑECEMENTO AO SECTOR PRODUCTIVO	2026	2027	2028	2029
Nº de contratos e convenios de investigación con empresas.	1	2	3	4
Nº de contratos e convenios de investigación con outros agentes (administración pública, etc.).	0	1	1	2
Nº entidades publicas e privadas con quen se asinan contratos ou convenios	1	2	2	3
Recursos captados con entidades públicas ou privadas a través de convenios o contratos	0	10.000,00 €	10.000,00 €	15.000,00 €
Nº actividades de divulgación á sociedade.	2	4	4	5
Nº de publicaciones en revistas de carácter divulgativo, docente ou asimilables.	3	3	4	4
Nº de congresos/seminarios/cursos/simposios de difusión de resultados organizados.	1	1	2	2
Nº de mencións en medios a actividades do INCIDE.	8	10	15	20

7.2. Personal do INCIDE

Como se indicou anteriormente, o persoal científico e técnico-administrativo do Instituto forma parte do persoal da Universidade de Vigo, o que implica que o INCIDEE non asume ese custo salarial adicional.

As novas contratacións de persoal do Instituto organizaranse en función das necesidades e dos acordos e/ou recursos captados polo INCIDE a través da súa actividade.

E2. ALCANZAR UNHA MASA CRÍTICA DE INVESTIGADORES DE EXCELENCIA	2026	2027	2028	2028
Nº total de investigadores con vinculación permanente.	12	25	35	40
Nº de IPs activos no grupo.	6	7	7	7
Nº de mulleres IP no grupo.	0	1	1	1

Nº de investigadores postdoctorales.	2	3	4	5

7.3. Producción científica

A viabilidade do INCIDE como Instituto de excelencia con proxección internacional dependerá en gran medida das publicacións e das actividades académicas e científicas do seu persoal.

A produción científica contribuirá á avaliación e ao desempeño da actividade investigadora da Universidade de Vigo, o que xerará un retorno visible na captación de recursos económicos para o Instituto, entre eles os valorados no Programa.

Por este motivo, no presente plan estratéxico establécense unha serie de accións destinadas ao reforzo do talento do propio Instituto como un activo de calidade que permitirá traballar ao mesmo nivel e de forma coordinada con outras organizacións para acceder a financiamento rexional, nacional ou internacional, así como para colaborar con outras entidades.

E3. CRECER E MANTER O OUTPUT DE PUBLICAIÓNS	2026	2027	2028	2029
Nº de publicacións en revistas SCOPUS ou Web of Science.	50	60	70	75
Nº de libros, monografías e capítulos de libros.	2	2	3	3
Nº de traballos presentados en Congresos/conferencias de prestixio	5	7	9	10
Colaboracións con centros e institutos estatales	3	4	5	5
Colaboracións con centros e institutos extranjeros.	1	2	3	4
Edición/revisión de publicaciones internacionales	10	12	15	18
Participación en comités/órganos de dirección de institución científicas.	1	2	3	3

E7. POTENCIAR E RETER O TALENTO CIENTÍFICO	2026	2027	2028	2029
Nº de tesis doctorales que se están dirixindo.	10	12	14	16
Nº de tesis doctorales defendidas.	3	5	7	9
Nº de trabajos de fin de máster dirixidos	10	12	15	20
Nº de investigadores visitantes.	2	3	4	4
Nº de técnicos de apoio (informático, laboratorio).	2	2	3	3
Docencia en programas de doutoramento e outras actividades formativas.	4	6	8	10
Estancias de investigación en outros centros.	2	3	4	5

Nº de tesis doctorales que se están dirixindo.	10	12	14	16

8. PLAN DE IGUALDADE

Entre as políticas RRI (Responsible Research and Innovation), o INCIDE comprométese ao deseño e despregue dun plan de igualdade. A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico de aplicación universal recoñecido en textos internacionais sobre dereitos humanos. Está fundamentada no principio de igualdade e fai referencia á participación activa e equilibrada de tódalas persoas, independentemente do seu sexo, nas diferentes áreas da vida: pública e privada. A pesar do seu recoñecemento formal, seguen existindo obstáculos presentes na nosa sociedade que impiden a plena participación e integración das mulleres en todos os ámbitos, incluída a actividade académica. Un dos resultados máis evidentes é que mulleres e homes non acceden, participan nin se benefician en condicións de igualdade real no mercado de traballo. Esta situación é máis preocupante canto á representación de mulleres nas posicións de máxima responsabilidade (isto é, posicións de catedráticas ou directoras de Centros de investigación). Sabemos que o desenvolvemento de plans específicos de igualdade en toda-las organizacións e os procesos para a integración da igualdade de oportunidades nas diferentes áreas de intervención é unha das estratexias que apunta a lexislación en materia de igualdade e que está sendo adoptada por un bo número de institucións, que decidiron apostar pola transversalidade e a integración dos obxectivos de igualdade na xestión das súas políticas.

Propoñense como obxectivos os seguintes:

- integrar no INCIDE o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, aplicándoo en todos os seus ámbitos e incorporándoo ao seu modelo de xestión.
- garantir no INCIDE a ausencia de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero e, especialmente, a derivada da maternidade, paternidade, a asunción de obrigas familiares, estado civil e condicións laboráis.
- eliminar toda manifestación de discriminación na mobilidade interna e nas elección de recursos humanos, con obxectivo de acadar no Instituto unha representación equilibrada de mulleres e homes.

ANEXO 1. CURRÍCULOS ABREVIADOS DOS INVESTIGADORES GARANTES

ANEXO 2. CURRÍCULOS ABREVIADOS DOS E DAS INVESTIGADORES E INVESTIGADORAS PROMOTORES